



ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE CATRO DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

(ACTA NÚMERO 25)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto
D. Pablo Rivera Capón
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Carlos López López
D^a. Iria Castro Fernández

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **catro de xullo de dous mil vinte e cinco**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten a señora deputada dona M^a. del Pilar García Porto e don Miguel Fernández Méndez.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	1/102	

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E SETE DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de xuño de dous mil vinte e cinco que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA IMPLANTACIÓN DE PUNTOS DE FICHAXE E SISTEMA DE CONTROL DE PRESENZA NOS CONCELLOS PROXECTO ENMARCADO DENTRO DO PROGRAMA IMPULSATIC (PLAN DE DIXITALIZACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO) NO MARCO DO “PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA- FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA- NEXT GENERATION EU”- COMPONENTE 11 INVERSION 3.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da implantación de puntos de fichaxe e sistema de control de presenza nos Concellos. Proxecto enmarcado dentro do programa IMPULSATIC (Plan de Dixitalización da Provincia de Lugo) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea. Next Generation EU, Compoñente 11. Inversión 3, consta no mesmo:

1. Memoria xustificativa do contrato, e motivación da urxencia da contratación con CSV: IV7TVXDNNE4ZLXXNWJ7MGBRR5Y.
2. Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7TW3XCHAUL5XGLWBUBV6LXRCA.
3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7TVXDCGF5OZSMY2U5D777RF.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7TWDL7PM73QRH76AQVMYRUG4.
5. Informe da Secretaría Xeral, con CSV: IV7TWDLTNBBNTNOJADQTIF76A4.
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7TWHPOAFP3TVPZ6D4FI5HTKE.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Declarar a urxencia do expediente para a contratación da implantación de puntos de fichaxe e sistema de control de presenza nos Concellos. Proxecto enmarcado dentro do programa IMPULSATIC (Plan de Dixitalización da Provincia de Lugo) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea. *Next Generation EU*, Compoñente 11. Inversión 3, motivada a urxencia nas razóns de interese público que se recollen na Memoria Xustificativa.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	2/102





2º.- Aprobar a contratación da implantación de puntos de fichaxe e sistema de control de presenza nos Concellos. Proxecto enmarcado dentro do programa IMPULSATIC (Plan de Dixitalización da Provincia de Lugo) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea. *Next Generation EU*, Compoñente 11. Inversión 3.

3º.- Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, así como o/s criterio/s que se recolle/n para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

4º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4 a) e 131.2 da LCSP, como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, respectando os principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es). O prazo de presentación de proposicións, nesta modalidade de tramitación de urxencia, será de 15 días naturais, a contar desde o seguinte á data de publicación do anuncio de licitación na plataforma de contratación do sector público, de acordo co previsto ao efecto no artigo 50.1 (letras a e e) do Real Decreto Lei 36/2020.

5º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 173.795,00 € ao que se aplicará un IVE do 21%, 36.496,95€, o que fai un total de 210.291,95 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	3/102



3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUN CAMIÓN USADO 4X2, CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA PARA O PARQUE MÓBIL DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración dun camión usado 4x2 con cisterna de emulsión asfáltica para o Parque Móbil da Deputación Provincial de Lugo, así como a retirada do camión usado existente (Volvo FL7 con matrícula LU-6934-O), expediente 2025/CON_02/000075, consta no mesmo:

1. Orden de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7TW37NPDXY7H5NQJ5UIPZAIM.
2. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7TW37NPDXY7H5NQJ5UIPZAIM.
3. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7TVSYIMFF3SWU6SBPAJZJ74M.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7TWDTKNNROZCHM2X45GBLWAY.
5. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7TWDTILI7OLLBY4NVFC5CFK4.
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7TWG73LMG3TCWYCYMQIMCBPY.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da contratación da subministración dun camión usado 4x2 con cisterna de emulsión asfáltica para o Parque Móbil da Deputación Provincial de Lugo, así como a retirada do camión usado existente (Volvo FL7 con matrícula LU-6934-O), expediente 2025/CON_02/000075, cun prazo de entrega de 30 días naturais, a contar dende a formalización do contrato.

2º.- Aprobación o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	4/102





3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 145.000,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 30.450,00 €, o que fai un total de 175.450,00 €. O importe mínimo polo camión a recoller ascende a 10.000,00 euros (sen IVE)."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DOS SERVIZOS DE COLABORACIÓN COA INTERVENCIÓN PROVINCIAL NO EJERCICIO DE ACTUACIONES DE CONTROL FINANCIERO EN MATERIA DE SUBVENCIONES DENTRO DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCIERO EN MATERIA DE SUBVENCIONES A REALIZAR EN 2025.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Vista a acta da mesa de contratación do día 24 de xuño de 2025, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

"Antecedentes.

1. Providencia de inicio do contrato, e Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7S4UPSBFVY5KR7XT6XGBL7H4.
2. Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7S42DKOH56305NCDV5D73EKM.
3. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7S42DOP4V6RZNJ2RFE44RC74.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7S7UICLD6Y6VFOWBNDIDQ6KY.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	5/102



5. Informe xurídico firmado pola Xefa do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7S7UPZLH5YX64PCJMW6476IU.
6. Informe de fiscalización/intervención previa limitada del expediente, con CSV: IV7SYSBMFH7ZXL4MAUOSGRYOAQ.
7. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7SYX3PHNNILKVD2APFIFKCOQ.
8. Acordo da Xunta de Goberno de data 02 de maio de 2025, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7SYC3DBIFZSXONSE4QPZAFCA.
9. Anuncio de licitación e pregos, publicados na plataforma de contratación do sector público o día 09 de maio de 2025.
10. Acta da Mesa de Contratación do día 29 de maio de 2025, con CSV: IV7SEKBJMFUDR6XJCM4UL3ZWP4, na que se recolle o seguinte:

“(…)Segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento son os seguintes:

1. BM Neira Auditores SLP.
2. Netadia Europa SLP.
3. Interpraudi Auditores y Consultores SLP.

Considerando que as tres licitadoras presentan a súa proposta dentro do prazo concedido a tales efectos, procédese á apertura dos sobres electrónicos únicos, resultando que as declaracións responsables sobre o cumprimento dos requisitos previos de todas as candidatas concorrentes se axustan aos requisitos esixidos nos pregos.

Acto seguido procédese ao exame do Anexo II (modelo de proposición económica con criterios avaliáveis automaticamente mediante fórmulas matemáticas), cos seguintes resultados:

LICITADORES	PREZO POR EXPEDIENTE (base imponible)	PRAZO
BM Neira Auditores SLP	720,00 €	5 días ou máis
Netadia Europa SLP	635,00 €	5 días ou máis
Interpraudi Auditores y Consultores SLP	5.844,72 €	5 días ou máis

Visto que o prezo por expediente ofertado pola empresa Interpraudi Auditores y Consultores SLP, supera o orzamento máximo de licitación, a mesa de contratación, procede a realizar o cálculo para identificar a existencia de posibles baixas desproporcionadas coas outras dúas licitadoras, resultando que ningunha delas se atopa neste suposto.

Acto seguido aplícanse as fórmulas matemáticas recollidas nos pregos, cos seguintes resultados:

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	6/102





LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	PUNTOS PREZO	PAZO EXECUCIÓN	PUNTOS PAZO	PUNTUACIÓN TOTAL
BM NEIRA AUDITORES SLP	720,00 €	79,38	5	10	89,38
NETADIA EUROPA SLP	635,00 €	90	5	10	100,00

Visto o que antecede a mesa de contratación acorda por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

1. Excluir á licitadora Interpraudi Auditores y Consultores SLP por superar a súa oferta o orzamento base de licitación.
2. Clasificar aos licitadores admitidos, atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	NETADIA EUROPA SLP	100,00
2	BM NEIRA AUDITORES SLP	89,38

3. Notificar a empresa licitadora a súa exclusión, significándolle que a Resolución da Presidencia é definitiva en vía administrativa, e contra a mesma cabe interponer:

Con carácter potestativo- recurso de reposición Con carácter potestativo, recurso de reposición ante a Deputación Provincial no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ó da recepción desta notificación (artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

Recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da recepción desta notificación (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa).

No caso de interpoñer recurso de reposición, o prazo de interposición do recurso contencioso – administrativo, será de dous meses desde a notificación da resolución desestimatoria do recurso de reposición, se fose expresa, ou de seis meses desde a

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	7/102



súa desestimación tácita, que se producirá se no prazo de un mes non se resolve o recurso de reposición interposto.

Todo elo sen prexuízo de que poda exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

Conforme á cláusula 17.2 do PCAP, no caso de que sexa precisa documentación adicional á existente nos rexistros públicos, que complemente á información extraída da consulta do Rexistro de Licitadores, de cara a verificar a capacidade para contratar, aplicárase o previsto nos artigos 65 a 73 da LCSP. A estes efectos, e para complementar, unicamente, a información reportada por algún dos Rexistros de Licitadores de referencia por existir algunha dúbida, a Mesa de Contratación poderá requirir (no prazo de sete días hábiles previsto no artigo 159.4 da LCSP) dita documentación.

A Mesa de Contratación acordou requirir á empresa Netadia Europa SLP para que, no prazo de sete días hábiles, achegue a documentación relacionada nos apartados “R” e “S” do cadro resumo e na cláusula décimo sétima do PCAP, de conformidade co artigo 159.4 da LCSP, sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.(...)

11. Resolución de Presidencia do día 06 de xuño de 2025, con CSV: IV7SGUPSZBBI564J6T6MM5YPOA, de clasificación e requirimento de documentación do artigo 150.

14. Requisirimento de documentación, cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 12 de xuño de 2025.

15. Documentación presentada pola empresa Netadia Eujropa SLP a través da plataforma de contratación do sector público o día 18 de xuño de 2025

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 24 de xuño de 2025, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente.

No tocante ao equipo de traballo adscrito ao obxecto do contrato, o Xefe da Sección de Orzamentos, informa verbalmente que se considera suficiente a declaración responsable achegada polo licitador. Igualmente informa de que consta no expediente o rexistro do auditor de contas ou sociedade de auditoría no Rexistro Oficial de Auditores de Contas.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	8/102





Incorpórase ao expediente certificado da Recadación Provincial, das obrigas tributarias e coa seguridade social e carta de pago da garantía depositada.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Netadia Eujropa SLP a contratación dos servizos de colaboración coa Intervención Provincial no exercicio de actuacións de control financeiro en materia de subvencións, dentro do plan anual de control financeiro en materia de subvencións, a realizar en 2025, polo importe de 15.384,90 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, €, 3.230,85 € o que fai un total de 18.615,75 €, ascendendo o prezo por expediente a 635 euros (IVE non incluído). O licitador, comprométese a reducir o prazo de execución de 7 meses en 5 días ou máis.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Clasificar aos licitadores admitidos, atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	NETADIA EUROPA SLP	100 PUNTOS
2	BM NEIRA AUDITORES SLP	89,38

2º.- Adxudicar á empresa Netadia Europa SLP a contratación dos servizos de colaboración coa Intervención Provincial no exercicio de actuacións de control financeiro en materia de subvencións, dentro do plan anual de control financeiro en materia de subvencións, a realizar en 2025, polo importe de 15.384,90 €, ao que se

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	9/102



aplicará un IVE do 21%, €, 3.230,85 € o que fai un total de 18.615,75 €, ascendendo o prezo por expediente a 635 euros (IVE non incluído). O licitador, comprométese a reducir o prazo de execución de 7 meses en 5 días ou máis.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- Instar á formalización do contrato, que se efectuará pola firma da aceptación polo contratista da resolución de adxudicación, conforme ao previsto no artigo 159.6 letra g) da LCSP.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta en relación coa contratación da obra: BARREIROS.- Rehabilitación de firme LU-P-0610 “Enlace praias Altar– Reinante– Glorieta As Catedrais” P.K. 0+150 a 1+422.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Tendo en conta o acordo da Xunta de Goberno de data 23/05/2025, con CSV: IV7SE3AOLV603PE4WYOVEZ26KA, relativo á aprobación do procedemento de licitación aprobado para a obra BARREIROS.- Rehabilitación de firme LU-P-0610 “Enlace praias Altar– Reinante– Glorieta As Catedrais” P.K. 0+150 a 1+422e unha vez publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público, e vencidos os prazos de presentación de ofertas, celébrase mesa de contratación.

Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 19/06/2025, con CSV: IV7TU6RKLQ65UWB6CZHNIUB6CQ na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“(…)

Pola Presidencia, dáse conta de que ningunha empresa presentou oferta á contratación da obra indicada, segundo anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 23/05/2025 e de acordo coa información reportada pola plataforma de Contratación do Sector Público.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	10/102





A vista do anterior, a mesa acordou declarar deserta a licitación ao non presentar oferta ningunha empresa, elevando a Acta ao órgano de contratación para o seu coñecemento e remitir ao Servizo de Vías e Obras o expediente aos efectos oportunos.”

Vistos os informes do Servizo de Vías e Obras, con CSV: IV7TWSTJZFOYQXH33RUB6B2SOI, así como o Informe do Servizo de Contratación e Fomento con CSV: IV7TW7JT2DVYJPPNS4QQ65YRAI, relativos á apertura dun novo procedemento de licitación, negociado sen publicidade, por terse declarado deserto na licitación por procedemento aberto e segundo a previsión prevista no PCAP e a non alteración das condicións iniciais do contrato.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Declarar deserta a licitación da obra BARREIROS.- Rehabilitación de firme LU-P-0610 “Enlace praias Altar- Reinante- Glorieta As Catedrais” P.K. 0+150 a 1+422 (Expte: 2025/CON_02/000054), por non presentar oferta ningunha empresa.

2º.-Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación por procedemento negociado sen publicidade, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 a) apartado 1º, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada Lei, de conformidade co previsto na normativa e no propio PCAP, conservando a documentación, informes e pregos, en todo aquilo que non se opoña á normativa reguladora do procedemento negociado, e singularmente conservando unicamente os criterios automáticos ou dependentes de fórmula matemática para a fase 1. Na fase 2 “de Negociación” esta efectuarase unicamente co criterio prezo, e cun máximo de 20 puntos, e utilizando a mesma formula que no PCAP, substituíndo o prezo de licitación pola oferta mais vantaxosa da fase 1. No caso de non presentar oferta na fase 2, de negociación, entederase que a oferta final sería o presentado na fase 1 desta negociación, non obtendo puntuación neste apartado.

3º.- Dispoñer a apertura do mesmo, mediante convite ás mercantís OVISA Pavimentos y Obras SLU, Grupo Bascuas 2008 SL, Cholo SL e Construcciones Isidro Otero SL, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que curse convite aos licitadores, concedéndolle un prazo para presentación de ofertas na fase 1 ata as 23.59h do día 11/07/2025. O prazo para presentación na fase 2, de negociación, será

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	11/102



o indicado no convite. Na fase de negociación unicamente se negociará co criterio prezo.

4º.- Dar traslado do acordo ao Servizo de Vías e Obras e a Intervención aos efectos oportunos.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es)."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTAS RELATIVAS Á TRAMITACIÓN DE CONVENIOS CON ENTIDADES E CONCELLOS.

1º.- Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para cooperar no exercicio de determinadas accións (vixilancia, disciplina, denuncia e sanción) en materia de tráfico e seguridade viaria. Ano 2025.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

"Asunto: informe favorable.

En relación ao asunto de referencia (EXP.2025/XEN_01/002430) e tendo en conta que consta providencia de presidencia para a tramitación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para cooperar no exercicio de determinadas accións (vixilancia, disciplina, denuncia e sanción) en materia de tráfico e seguridade viaria no estacionamento do Fogar de Santa María, dende a Sección de Fomento emítese o seguinte informe:

Primeiro.- A seguridade viaria urbana é unha competencia compartida.

A competencia administrativa en materia de circulación viaria corresponde e é exercida, segundo a súa atribución e ámbito territorial, pola Administración Xeral de Estado, pola das Comunidades Autónomas e polos Municipios.

O artigo 149.1.21 da Constitución establece como competencia exclusiva do Estado: "ferrocarrís e transportes terrestres que transcorran polo territorio de máis dunha Comunidade Autónoma; réxime xeral de comunicacións; tráfico e circulación de vehículos de motor; correos e telecomunicacións; cables aéreos, submarinos e radiocomunicación".

Hai Comunidades Autónomas (Cataluña e País Vasco) que teñen transferidas competencias executivas en materia de tráfico; Navarra, en virtude da súa orixe foral,

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	12/102	



mantén competencias sobre vixilancia da circulación viaria e denuncia das infraccións. Noutras materias directamente relacionadas coa seguridade viaria, como poden ser estradas, transportes, sanidade, industria etc., as Comunidades Autónomas asumiron, todas, importantes competencias que lles foron transferidas.

Os Municipios, doutra banda, son os eixos fundamentais no marco da planificación e execución da seguridade viaria urbana.

A súa responsabilidade e competencia comprende os seguintes ámbitos:

1) Conservación e mellora das vías da súa titularidade, a súa sinalización e implantación de sistemas centralizados de control de tráfico.

2) Xestión e fomento do transporte público de persoas que non pasen o termo municipal.

3) O artigo 25 da Lei Reguladora das Bases del Réxime Local establece así mesmo que os municipios exercerán competencias en materia de ordenación do tráfico de vehículos e persoas en vías urbanas.

O Real Decreto Legislativo 6/2015, o 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos de motor e Seguridade Viaria (en diante LTSV) establece o seguinte:

Artigo 7, "Corresponde aos municipios: a) a regulación, ordenación, xestión, vixilancia e disciplina, por medio de axentes propios, do tráfico nas vías urbanas da súa titularidade, así como a denuncia das infraccións que se cometan en ditas vías e a sanción das mesmas cando non estea expresamente atribuída a outra Administración."

A vixilancia e disciplina do tráfico en toda clase de vías interurbanas e en travesías cando non exista policía local, así como a denuncia e sanción das infraccións ás normas de circulación e de seguridade en ditas vías corresponde ao Ministerio do Interior sen prexuízo das que teñan asumidas as comunidades autónomas (artigo 5) sen que, ata o momento, a Comunidade Autónoma de Galicia, teña asignada competencia algunha en materia de vixilancia e sanción en seguridade viaria.

Artigo 84.4, "A sanción por infraccións a normas de circulación cometidas en vías urbanas corresponderá aos respectivos Alcaldes, os cales poderán delegar esta competencia de acordo coa normativa aplicable. Quedan excluídas da competencia sancionadora municipal as infraccións aos preceptos do título IV, incluíndo as relativas ás condicións técnicas dos vehículos e ao seguro obrigatorio.

Segundo.- As Administracións asinantes están interesadas en dar seguridade xurídica a situacións competenciais á hora de intervir nos espazos concretos de titularidade pública provincial que se estipulan nas cláusulas do presente convenio de

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	13/102



colaboración.

Terceiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarto.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:

“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

1. a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Quinto.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Sexto.- Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...) d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	14/102	



No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo).

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Sétimo.- Se adxunta memoria xustificativa segundo o establecido no artigo 50.1 da LRXSP.

Oitavo.- O convenio non ten contido económico.

Noveno.- En canto ao órgano competente sinalar que, segundo o establecido no artigo 54, apartado 41, do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, trátase dunha atribución que corresponde ao Ilmo. Sr. Presidente, máxime se non conleva obrigas de índole económica. Non obstante, correspóndelle á Xunta de Goberno asistir á Presidencia no exercicio das súas atribucións (art.35.2 da LBRL e 59 a) do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo).

En base ao anteriormente exposto informase favorablemente que pola Xunta de Goberno, como órgano de asistencia ao Presidente, se aprobe o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Lugo para cooperar no exercicio de determinadas accións (vixilancia, disciplina, denuncia e sanción) en materia de tráfico e seguridade viaria que se adxunta ao expediente.

Propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar o texto do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para cooperar no exercicio de determinadas accións (vixilancia, disciplina, denuncia e sanción) en materia de tráfico e seguridade viaria. Ano 2025, que carece de contido económico, cuxo contido é o seguinte:

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	15/102



Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para cooperar no exercicio de determinadas accións (vixilancia, disciplina, denuncia e sanción) en materia de tráfico e seguridade viaria. Ano 2025.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-270000001 e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra don Miguel Fernández Méndez, Alcalde do Concello de Lugo, con N.I.F P2702800J e sede social na Praza Maior, 1, CP 27001, actuando en nome e representación, por delegación, da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- A seguridade viaria urbana é unha competencia compartida.

A competencia administrativa en materia de circulación viaria corresponde e é exercida, segundo a súa atribución e ámbito territorial, pola Administración Xeral de Estado, pola das Comunidades Autónomas e polos Municipios.

O artigo 149.1.21 da Constitución establece como competencia exclusiva do Estado: "ferrocarrís e transportes terrestres que transcorran polo territorio de máis dunha Comunidade Autónoma; réxime xeral de comunicacións; tráfico e circulación de vehículos de motor; correos e telecomunicacións; cables aéreos, submarinos e radiocomunicación".

Hai Comunidades Autónomas (Cataluña e País Vasco) que teñen transferidas competencias executivas en materia de tráfico; Navarra, en virtude da súa orixe foral, mantén competencias sobre vixilancia da circulación viaria e denuncia das infraccións. Noutras materias directamente relacionadas coa seguridade viaria, como poden ser estradas, transportes, sanidade, industria etc., as Comunidades Autónomas asumiron, todas, importantes competencias que lles foron transferidas.

Os Municipios, doutra banda, son os eixos fundamentais no marco da planificación e execución da seguridade viaria urbana.

A súa responsabilidade e competencia comprende os seguintes ámbitos:

1) Conservación e mellora das vías da súa titularidade, a súa sinalización e implantación de sistemas centralizados de control de tráfico.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	16/102





2) Xestión e fomento do transporte público de persoas que non pasen o termo municipal.

3) O artigo 25 da Lei Reguladora das Bases del Réxime Local establece así mesmo que os municipios exercerán competencias en materia de ordenación do tráfico de vehículos e persoas en vías urbanas.

O Real Decreto Lexislativo 6/2015, o 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos de motor e Seguridade Viaria (en diante LTSV) establece o seguinte:

Artigo 7, “Corresponde aos municipios: a) a regulación, ordenación, xestión, vixilancia e disciplina, por medio de axentes propios, do tráfico nas vías urbanas da súa titularidade, así como a denuncia das infraccións que se cometan en ditas vías e a sanción das mesmas cando non estea expresamente atribuída a outra Administración.”

A vixilancia e disciplina do tráfico en toda clase de vías interurbanas e en travesías cando non exista policía local, así como a denuncia e sanción das infraccións ás normas de circulación e de seguridade en ditas vías corresponde ao Ministerio do Interior sen prexuízo das que teñan asumidas as comunidades autónomas (artigo 5) sen que, ata o momento, a Comunidade Autónoma de Galicia, teña asignada competencia algunha en materia de vixilancia e sanción en seguridade viaria.

Artigo 84.4, “A sanción por infraccións a normas de circulación cometidas en vías urbanas corresponderá aos respectivos Alcaldes, os cales poderán delegar esta competencia de acordo coa normativa aplicable. Quedan excluídas da competencia sancionadora municipal as infraccións aos preceptos do título IV, incluíndo as relativas ás condicións técnicas dos vehículos e ao seguro obrigatorio.

Segundo.- As Administracións asinantes están interesadas en dar seguridade xurídica a situacións competenciais á hora de intervir nos espazos concretos de titularidade pública provincial que se estipulan nas cláusulas do presente convenio de colaboración.

Terceiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	17/102



Cuarto.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:

“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Quinto.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Sexto.- Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...) d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo).

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	18/102	



En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo, en exercicio das súas competencias, para a execución de determinadas accións en materia de tráfico e seguridade viaria na zona de estacionamento do Fogar de Santa María.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento da actuación obxecto do presente convenio é o estacionamento do Fogar de Santa María, -sito na Ronda da Muralla, 140, 27004 Lugo-.

Terceira.- Fin común.

Coa formalización do presente convenio pretendese paliar a falta de aparcamento na zona.

Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes.

4.1. Deputación Provincial de Lugo

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Por a disposición da cidadanía o estacionamento do Fogar de Santa María -sito na Ronda da Muralla, 140, 27004 Lugo- fora do horario lectivo e sempre e cando se atopen abertas as instalacións provinciais.
2. Convidar á representación institucional do Concello de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coa actuación obxecto deste convenio.
3. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	19/102	

4. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

4.2. O Concello de Lugo:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Lugo, comprométese ao seguinte:

1. Asumir a vixilancia, disciplina e denuncia das infraccións cometidas no estacionamento do Fogar de Santa María -sito na Ronda da Muralla, 140, 27004 Lugo- fora do horario lectivo e sempre e cando se atopen abertas as instalacións provinciais, a través da súa Policía Local; e a competencia sancionadora corresponderá á Autoridade Municipal, excepto as infraccións aos preceptos del Título IV da LTSV, incluíndo as relativas ás condicións técnicas dos vehículos e ao seguro obrigatorio.
2. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coa actuación obxecto deste convenio.
3. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
4. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

Quinta.- Réxime económico.

A formalización deste convenio non implica compromisos económicos.

Sexta.- Titularidade do resultado da cooperación.

O presente convenio non supón cesión algunha de titularidade da superficie

Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio terá unha duración de catro anos a contar dende a data da súa formalización.

En calquera momento antes da finalización prevista, as partes poderán acordar por unanimidade a súa prórroga por un período adicional de ata catro anos respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Oitava.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Novena.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY		Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY		Página	20/102	



O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

A extinción do convenio derivada do cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do mesmo levarase a cabo por resolución presidencial. E a extinción do convenio por incorrer en causas de resolución efectuarase por acordo da Xunta de Goberno.

Décima.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control poderá constituírse unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente c

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a) Velar polo cumprimento deste convenio.
 - b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
 - c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
 - d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
 - e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.
- Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Décimo primeira.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

O Concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo nos soportes que aludan ou informen da actuación obxecto do convenio. para o que poderá solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	21/102	

setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

Décimo segunda.- Protección de datos.

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD

Décimo terceira.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídica pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	22/102





“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio do que como secretario dou fe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

2ª.- Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ourela para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “XIII Festival do Aturuxo (anualidade 2025).”

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	23/102



“Consta diversa documentación incorporada ao expediente e o informe do servizo de Turismo que se transcribe:

“En relación co escrito, presentado por don José Luis Pajón Camba, en nome e representación do Concello de Ourol, con CIF: P2703800I, con RE, nº: 2025RT008296 de data 23.04.2025, e modificado posteriormente en dada 12.06.2025 con RE nº 2025RT011531, mediante o cal solicita unha achega económica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público-público) para a realización conxunta polo Concello de Ourol e a Deputación Provincial de Lugo dunha actuación na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común no financiamento do “XIII Festival Aturuxo”, procede emitir o seguinte informe:

Fundamentos xurídicos.

1. A relación interadministrativa de cooperación (público-público) que se pretende coa formalización do convenio para a cooperación no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “XIII Festival Aturuxo” enmárcase no escenario dunha colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co precisado nas estipulacións do mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común”. Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas (...).”

Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos (art. 48.9 da LRXSP).

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que: “As entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades”.

2. A Memoria explicativa e xustificadora da solicitude sinala que: O Concello de Ourol é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	24/102





cumprimento dos seus fins, no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove as actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiración da comunidade veciñal. O Concello de Oourol, de acordo co artigo 25 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades da comunidade veciñal, en todo caso, exercera como propias, entre outras, “h) información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local”.

O XIII Festival Aturuxo, celebrarase durante os días 18 e 19 de xullo de 2025. O Aturuxo é un festival que se celebra nunha pequena parroquia do Concello de Oourol, chamada Bravos, na que é posible levar a cabo un proxecto importante e novidoso, creado para fomentar e dinamizar o medio rural e para promocionar un territorio cunha riqueza natural, xeolóxica, patrimonial e cultural que fan desta parroquia do Concello de Oourol un lugar magnífico para descubrir e atraer visitantes doutros lugares da provincia e do resto de Galicia. Bravos localízase nas inmediacións da Serra do Xistral, un lugar cunha riqueza natural e xeolóxica moi importante e que determina as características morfolóxicas de toda a zona, moi cercano as praias da Mariña Lucense. Esta excepcional ubicación pode ser unha oportunidade importante en canto a atracción de visitantes, non só para a parroquia de Bravos, senon para todo o Concello de Oourol. A riqueza natural e patrimonial de esta ubicación física fan da parroquia de Bravos un lugar axeitado potencialmente para a súa promoción territorial e turística, nun territorio do interior da provincia que precisa a posta en marcha e diferentes accións e estratexias para o desenvolvemento social e económico do territorio. Unha de estas accións, coa que se pode promocionar o lugar, e atraer diferentes visitantes para que coñezan a parroquia e por extensión, tamén o Concello de Oourol, e toda a súa riqueza patrimonial e paisaxística, é o Festival Aturuxo, que xa se ven desenvolvendo dende hai varios anos en Bravos, festival no que participa moi activamente toda a veciñanza do lugar e, de forma destacada, a Asociación Cultural, Recreativa e Deportiva Aturuxeiros de Bravos.

O devandito Festival ten por obxecto fomentar e dinamizar a parroquia e o medio rural nun tempo no que o abandono e o avellentamento da poboación están máis presentes que nunca, fomentando a integración social, para mellorar a calidade de vida no rural e dinamizando o medio a través do seu desenvolvemento económico que conlevará a promoción turística. Pretendese que outras persoas de moi diferentes lugares coñezan a parroquia, o concello e as súas tradicións. Mediante a música fomentase o turismo de proximidade, e mellorase temen a calidade de vida no entorno rural a traves da promoción do territorio e do fomento do turismo sostible,

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY		Página	

que pode ser unha oportunidade real para un desenvolvemento efectivo dun concello das características do Concello de Ourense.

Por estes motivos, é importante deseñar accións que teñan como finalidade a promoción do noso territorio e da nosa riqueza patrimonial e utilizando os seus recursos, como é neste caso a celebración do Festival Aturuxo.

Efectivamente, da lectura do Convenio Interadministrativo de actuación a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ourense, resulta que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da Deputación Provincial, fundamentalmente a que se menciona no artigo 36 apartado d) da LBRL, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

3. O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución, non lles resulta de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

4. En canto ao órgano competente para a aprobación do convenio, resulta de aplicación o artigo 59.18 do Regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202, de data 3 de setembro de 2020, que sinala que lle corresponde á Xunta de Goberno aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a; e tendo en conta o establecido no artigo 118.1 Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, que fixa o importe dos contratos menores nunha contía inferior a

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	26/102





15.000,00 €, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno da Deputación, atendendo ao importe económico do Convenio.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 20.636,30€ para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. O Concello de Ourol, de acordo co orzamento previsto, aportará os terreos precisos e tramitará a concesión dos permisos, autorizacións e licencias de competencia municipal para o desenvolvemento adecuado da actuacións, e financiará, no seu caso, o importe que reste, e resulte para dar cumprimento ao fin común perseguido, así como todos os compromisos recollidos no modelo de convenio que consta no expediente.

5. Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, infórmase favorablemente: a aprobación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ourol para a execución dos fins comúns consistentes na cooperación no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “XIII Festival Aturuxo” (anualidade 2025). É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.”

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do “Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ourol para a execución dos fins comúns consistentes na cooperación na financiación dos gastos da execución da actuación “XIII Festival Aturuxo” (anualidade 2025) por importe total de 20.636,30€, do seguinte teor:

“Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ourol para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “XIII Festival do Aturuxo” no Concello de Ourol. Anualidade 2025.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	27/102



E doutra don José Luis Pajón Camba, Alcalde do Concello de Ourense, con N.I.F P2703800I e sede social en Ourense s/n, CP27865 (Lugo), actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:

“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

1. a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscripción de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	28/102





pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)”

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	29/102



2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)"

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: "non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997" –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: "a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito".

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)". En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL "a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden."

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico-financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY		Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY		Página	30/102	



Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece, na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrétnanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	31/102



chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ourense en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

Actuación	CUSTE TOTAL
XIII FESTIVAL DO ATURUXO	20.636,30 €
CUSTE TOTAL	20.636,30 €

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
20.636,30 €	0,00€
TOTAL: 20.636,30 €	

As achegas económicas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta. Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	32/102





Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento da actuación obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Ourol, e concretamente a comarca da “Mariña Occidental” na que está incluído o Concello de Ourol.

Terceira.- Fin común.

Coa formalización do presente convenio preténdese a Promoción do Territorio e do Turismo, “Cultural”, como unha alternativa ao turismo tradicional. O Concello de Ourol é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove as actividades e presta os servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O Concello de Ourol, de acordo co artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades da comunidade veciñal. En todo caso exercerá como propias, entre outras, “h) Información de promoción da actividade turística de interese e ámbito local”.

Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes.

4.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.
2. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a achega da Deputación.

A Deputación de Lugo exímese da organización, execución, materialización da actividade, das condicións técnicas e de seguridade do equipamento instalado e das demais responsabilidades derivadas da aplicación da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, así como do Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e onde se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia.

4.2. O Concello de Ourol.

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Ourol comprométese ao seguinte:

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	33/102



1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido.
2. O prazo de execución da actuación obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro de 2025.
3. Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.
4. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución da actuación con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
5. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
6. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coa actuación obxecto deste convenio.
7. Difundir a cooperación prestada polo ente provincial segundo o establecido na cláusula décimo primeira.
8. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
9. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
10. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Quinta.- Réxime económico.

A) Achegas.

1.- Achega da Deputación.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 20.636,30€ con cargo á aplicación orzamentaria 4320.46200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2025 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

2.-Achega do Concello:

O Concello de Ourol financiará o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio.

Titularidade do resultado da cooperación.

O resultado da cooperación será de titularidade compartida posto que os efectos a nivel turístico, cultural, económico ou social son comúns e benefician ao municipio de Ourol e, aos límites da comarca da “Mariña Occidental” e en xeral, a toda a provincia.

Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que dende o Concello de Ourol se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 31 de marzo de 2026. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións realizadas.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	34/102





Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:

a) A relación clasificada de gastos da actuación obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.

b) O custo total da actuación desenvolta e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos da actuación atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

c) Que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución da actuación obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.

(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)

Declaración responsable emitida polo representante do Concello na que se recolla:

1. Que o Concello asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.

O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	35/102



Sexta.- Anticipo.

O Concello poderá percibir, en base ao establecido no 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria, un anticipo para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias ata o límite máximo do 10% da cantidade total a percibir.

Neste caso, a representante do Concello deberá presentar ante a Deputación a seguinte documentación:

1. Solicitude do anticipo.

2. Declaración responsable na que conste:

Que cumpre co establecido no artigo 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria (percibir o anticipo para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias)

Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Que o concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

(o modelo de declaración será facilitado polo centro xestor do convenio)

3. Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do anticipo.

O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.

Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2025.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2027. debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Oitava.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Novena.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY		Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY		Página	36/102	



O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

A extinción do convenio derivada do cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do mesmo levarase a cabo por resolución presidencial. E a extinción do convenio por incorrer en causas de resolución efectuarase por acordo da Xunta de Goberno.

Décima.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control poderá constituírse unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a) Velar polo cumprimento deste convenio.
 - b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
 - c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
 - d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
 - e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.
- Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Décimo primeira.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

O Concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo nos soportes que aludan ou informen da actuación obxecto do convenio. para o que poderá solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	37/102	

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

Décimo segunda.- Protección de datos.

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD

Décimo terceira.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídica pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	38/102	



Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio do que como secretario dou fe.

2º.- Aprobar o gasto de 20.636,30 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4320.46200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2025, a favor do Concello de Ourense, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “XIII Festival Aturuxo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	39/102	

3º.- *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pobra de Brollón para a execución dos fins comúns consistentes na cooperación no financiamento dos gastos derivados da organización e execución de “Acción cultural 2025”.*

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“Consta diversa documentación incorporada ao expediente e o informe do servizo de Cultura que se transcribe:

“En relación co escrito, presentado por don José Luis Maceda Vilariño, en nome e representación do Concello de Pobra de Brollón, con CIF: P2704700J, con data 06/05/2025 e RE, nº: 2025RT008907 (Expediente 2025/PES_03/008856), mediante o cal solicita unha achega económica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público- público) para a realización conxunta polo Concello de Pobra de Brollón e a Deputación Provincial de Lugo dunha actuación na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común de cooperación no financiamento de gastos derivados da organización e execución de “Acción Cultural 2025”, procede emitir o seguinte informe:

Fundamentos xurídicos.

1. A relación interadministrativa de cooperación (público-público) que se pretende coa formalización do convenio para a cooperación no financiamento de gastos derivados da organización e execución de “Acción Cultural 2025” enmárcase no escenario dunha colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co precisado nas estipulacións do mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Os convenios das administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como se establece nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; no artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e nos artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo, apoiado no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante LRXSP), que sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY		Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY		Página	40/102	



“Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”

Ademais, o art. 36.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do rexime local, atribúe competencias ás deputacións en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito, ou prestar asistencia e cooperación económica aos concellos. Pola súa parte, o art. 109 da LALGA atribúelles ás deputacións competencias de asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, e en xeral no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, de xeito que cabe subsumir nas ditas materias, formas específicas de cooperación económica como a concesión de achegas económicas recollida no art. 114.c) da LALGA, ou, segundo prescribe o art. 118 do mesmo texto, organización de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

2. A Memoria explicativa e xustificativa da solicitude sinala que os fins comúns de subscrición do convenio interadministrativo se refiren á cooperación no financiamento dos gastos derivados da organización e execución de “Acción Cultural 2025”, que constitúen un programa de actividades variado e de balde baseado na celebración de feiras, festivais de música tradicional ou improvisación oral e romarías, que enchen diversos espazos do Concello de Pobra de Brollón ao longo do ano e que ofrecen alternativas de ocio de calidade a tódolos sectores sociais e veciños da contorna.

En canto á necesidade e oportunidade de subscrición deste convenio, procede sinalar que estas actividades se enmarcan na programación cultural anual que desenvolve o Concello de Pobra de Brollón, e son unha oportunidade para dar a coñecer o que fan grupos galegos que traballan na recuperación da música tradicional galega, así como noutras artes como son a improvisación oral (o “brindo”) ou os cantos de taberna, polo que contribúe a poñer en valor aos nosos artistas e á nosa música tradicional, ademais de constituír un foco de atracción de centos de visitantes á cidade.

Este convenio trata de por o énfase no vencello entre pertenza, territorio, identidade e cultura. A cultura non só trata de grandes eventos, senón que debe abranguer tamén actividades cotiás e o partillado do día a día, activos culturais que débense apoiar con maior pulo.

En relación ao seu impacto económico, produce unha considerable incidencia no Concello de Pobra de Brollón, xa que moitas son actividades xa consolidadas no tempo e cunha tradición de máis de dez edicións (como a Feira do Viño de Vilachá, a

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	41/102



Feira Guímara, o Festival das Cores de Outono ou os Cantos de Taberna) e que atraen a centos de visitantes. Ademais, isto axuda a erixir a cultura como elemento integrador para a sociedade e pór en valor o patrimonio cultural inmaterial.

Efectivamente, da lectura do Convenio Interadministrativo de actuación a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pobra de Brollón, resulta que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da Deputación Provincial, fundamentalmente a que se menciona no artigo 36 apartado d) da LBRL, que se refire “á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial”, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, “o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”.

3. O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución, non lles resulta de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

4. En canto ao órgano competente para a aprobación do convenio, resulta de aplicación o artigo 59.18 do Regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202, de data 3 de setembro de 2020, que sinala que lle corresponde á Xunta de Goberno aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a; e tendo en conta o establecido no artigo 118.1 Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, que fixa o importe dos contratos menores nunha contía inferior a 15.000,00 €, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno da Deputación, atendendo ao importe económico do Convenio.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY		Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY		Página	42/102	



A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 50.000,00€ para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. O Concello de Pobra de Brollón, asumirá o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido.

5. Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, infórmase favorablemente: a aprobación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pobra de Brollón para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no financiamento de gastos derivados da organización e execución de “Acción Cultural 2025”.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pobra de Brollón para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no financiamento dos gastos derivados da organización e execución de “Acción Cultural 2025” por importe total de 50.000,00 €.

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pobra de Brollón para cooperar no financiamento dos gastos derivados da organización e execución de “Acción cultural 2025” no Concello de Pobra de Brollón, ano 2025.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-27000001 e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local e, no seu nome, Iria Castro Fernández, deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico- Artístico e Normalización Lingüística, en virtude de Resolución de Presidencia de data 14 de xullo de 2023

E doutra dona José Luis Maceda Vilariño, Alcalde do Concello de Pobra de Brollón, con NIF P-2704700J, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	43/102	

disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:

“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY		Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY		Página	44/102	



os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puidieran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)”

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	45/102



3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)"

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: "non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997" –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: "a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito".

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)". En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL "a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden."

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico-financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY		Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY		Página	46/102	



da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrépanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	47/102



Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pobra de Brollón en exercicio das súas competencias, para a execución das actuacións que se detallan a continuación:

Actuacións: Organización e execución de "Acción Cultural 2025"	CUSTE TOTAL (IVE ENGADIDO)
Feira do Viño de Vilachá	14.190,00 €
Feira Guímar	9.200,00 €
Festival de Improvisación Oral A Brindadeira	2.000,00 €
Romaría de San Lourenzo	1.800,00 €
Festival de música tradicional As Cores de Outono	21.810,00 €
Cantos de Taberna	1.000,00 €
CUSTE TOTAL	50.000,00 €

No suposto de que se produzan alteracións respecto a cada un dos gastos previstos poderán compensarse entre si os distintos importes sempre que tódalas actuacións relacionadas se atopen executadas e pagadas.

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	48/102





ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
50.000,00 €	0,00 €
TOTAL: 50.000,00 €	

As achegas económicas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta. Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento das actuacións obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Pobra de Brollón.

Terceira.- Fin común.

Coa formalización do presente convenio preténdese colaborar no financiamento dos gastos derivados da organización e execución das “Acción Cultural 2025” do Concello de Pobra de Brollón, que conforman unha serie de manifestacións culturais relacionadas cos ámbitos da música, a gastronomía, a tradición oral, as representacións teatralizadas, etc., e que se desenvolven cunha clara aposta pola cultura como factor relevante para fomentar o crecemento económico e social ao tempo que melloran a imaxe e o atractivo do entorno.

Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes.

4.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.

En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a achega da Deputación.

4.2. O Concello de Pobra de Brollón.

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Pobra de Brollón, comprométese ao seguinte:

Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido.

Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	49/102



O prazo de execución das actuacións obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro de 2025.

Actuar como órgano de contratación e licitar a execución da/s actuación/s con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.

Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actuacións obxecto deste convenio.

Difundir a cooperación prestada polo ente provincial segundo o establecido na cláusula décimo primeira.

Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.

Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Quinta.- Réxime económico.

Achegas.

1.- Achega da Deputación.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 50.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 3340.46200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2025 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

2.- Achega do Concello.

O Concello de Pobra de Brollón financiará o importe que reste e sexa necesario para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

1. Titularidade do resultado da cooperación.

O resultado da cooperación será de titularidade compartida coa poboación, posto que os efectos a nivel cultural, turístico, económico e social son comúns e benefician ao municipio de Pobra de Brollón, aos limítrofes da comarca e, en xeral, a toda a provincia.

2. Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Pobra de Brollón se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 31 de marzo de 2026. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións realizadas.

Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:

a) A relación clasificada de gastos das actuacións obxecto deste convenio, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	50/102





b) O custo total das actuacións desenvoltas e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos das actuacións atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

c) Que as actuacións foron realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución das actuacións obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.

(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)

Declaración responsable emitida polo representante do Concello na que se recolla:

1. Que o Concello asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.

O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	51/102



Sexta.- Anticipo.

O Concello poderá percibir, en base ao establecido no 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria, un anticipo para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias ata o límite máximo do 10% da cantidade total a percibir.

Neste caso, a representante do Concello deberá presentar ante a Deputación a seguinte documentación:

1. Solicitude do anticipo.

2. Declaración responsable na que conste:

Que cumpre co establecido no artigo 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria (percibir o anticipo para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias)

Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Que o concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

(o modelo de declaración será facilitado polo centro xestor do convenio)

3. Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do anticipo.

O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.

Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2025.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2027, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Oitava.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Novena.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 1 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	52/102





O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

A extinción do convenio derivada do cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do mesmo levarase a cabo por resolución presidencial. E a extinción do convenio por incorrer en causas de resolución efectuarase por acordo da Xunta de Goberno.

Décima.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control poderá constituírse unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

Velar polo cumprimento deste convenio.

Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.

Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.

Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.

E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Décimo primeira.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

O Concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo nos soportes que aludan ou informen da actuación obxecto do convenio. para o que poderá solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	53/102



De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

Décimo segunda.- Protección de datos.

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD

Décimo terceira.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídica pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	54/102	



“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio do que como secretario dou fe.”

2º.- Aprobar o gasto de 50.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.46200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2025, a favor do Concello de Pobra de Brollón, para a cooperación no financiamento de gastos derivados da organización e execución de “Acción Cultural 2025”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	55/102	

4º.- *Proposta de aprobación, se procede, relativa á adenda de modificación segunda ao convenio interadministrativo entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Fonsagrada para a execución de fins comúns consistentes en: urbanización do polígono industrial de A Fonsagrada, (incluído expropiacións/adquisición de terreos).*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe– proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á modificación segunda ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o concello de A Fonsagrada para urbanización do polígono industrial de A Fonsagrada, (incluído expropiacións/adquisición de terreos), que dispón o seguinte:

“En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito.

Primeiro.- A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 10/03/2023, prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Fonsagrada coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: Urbanización do polígono industrial de A Fonsagrada, (incluído expropiacións/adquisición de terreos), asinándose o convenio en data 21/04/2023, no que se incluía:

INVESTIMENTO	ACHEGA DEPUTACIÓN (90%)	ACHEGA CONCELLO (10%)
URBANIZACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A FONSGRADA, (incluído expropiacións/adquisición de terreos)	Anualidade 2023: 250.000,00€ Anualidade 2024: 727.262,16€ Anualidade 2025: 727.262,17€ Anualidade 2026: 727.262,17€	Anualidade 2023: 67.549,62€ Anualidade 2024: 67.549,62€ Anualidade 2025: 67.549,63€ Anualidade 2026: 67.549,63€
SUB-TOTAL	2.431.786,50€	270.198,50€
TOTAL	2.701.985,00€	

O obxecto do convenio está financiado no 90% pola Deputación de Lugo, tanto o proxecto de Urbanización do Polígono industrial de A Fonsagrada, cun orzamento de 2.612.065,73€, como as expropiacións ou as adquisicións de terreos cuxo custo inicialmente estimado é de 89.919,27€ (xa que a redacción do proxecto de expropiación inclúese como obriga da Deputación neste convenio, sendo imposible unha valoración exacta, e o proxecto de urbanización está pendente de autorizacións sectoriais, que poderán requirir modificacións en dito proxecto, que de existir, conlevarán addenda de modificación do convenio).

Segundo.- Por Resolución da Presidencia de data 19/02/2025, dada conta a Xunta de Goberno o 28/02/2025 aprobose addenda de modificación quedando:

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	56/102





INVESTIMENTO	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
URBANIZACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A FONSAGRADA, (incluído expropiacións/adquisición de terreos)	Anualidade 2023: 250.000,00€ Anualidade 2024: 727.262,16€ Anualidade 2025: 732.857,61€ Anualidade 2026: 727.262,17€	Anualidade 2023: 67.549,62€ Anualidade 2024: 67.549,62€ Anualidade 2025: 67.549,63€ Anualidade 2026: 67.549,63€
SUB-TOTAL	2.437.381,94€	270.198,50€
TOTAL	2.707.580,44€	

O obxecto do convenio está financiado pola Deputación de Lugo, tanto o proxecto de Urbanización do Polígono industrial de A Fonsagrada, cun orzamento de 2.612.065,73 €, como as expropiacións ou as adquisicións de terreos cuxo custo inicialmente estimado é de 95.514,71 € sen prexuízo das posibles modificacións no desenvolvemento do procedemento expropiatorio que conlevarán addenda de modificación do convenio.

Terceiro.- Dende o Concello de A Fonsagrada, solicitan nova addenda de modificación en virtude do informe do Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos relativo ao incremento do custo do proxecto de expropiación por tasación conxunta para a execución do polígono industrial de A Fonsagrada, que ascende a un importe de 113.449,87 €, o que supón un incremento do custo inicialmente estimado de 17.935,16 €.

Fundamentos de dereito.

Primeiro.- Seguen vixentes e son de aplicación os fundamentos expresados no informe relativo á aprobación do indicado convenio, con CSV: IV7BEUAL3JJ3WX6347XC6DZFII.

Segundo.- Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece que “en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción”.

Xa que logo, a cláusula quinta do dito convenio, precisan que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e en todo caso a súa vixencia concluírá no momento en que por parte da Deputación se proceda á aprobación e pagamento da conta

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	57/102



xustificativa, que deberá efectuarse antes do 31/01/2027, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencemento do prazo.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontade, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes. Neste caso prevese na cláusula sexta do convenio a modificación.

Vixente o convenio, e estando tamén dentro dos prazos establecidos para execución e xustificación das actuacións, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

Media vontade das partes para a modificación, actualizando os importes como consecuencia do custo total do proxecto de expropiación, achegando a Deputación o incremento e quedando o financiamento por anualidades, que se indica:

INVESTIMENTO	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
URBANIZACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A FONSGRADA, (incluído expropiacións/adquisición de terreos)	Anualidade 2023: 250.000,00€ Anualidade 2024: 727.262,16€ Anualidade 2025: 750.792,77€ Anualidade 2026: 727.262,17€	Anualidade 2023: 67.549,62€ Anualidade 2024: 67.549,62€ Anualidade 2025: 67.549,63€ Anualidade 2026: 67.549,63€
SUB-TOTAL	2.455.317,10€	270.198,50€
TOTAL	2.725.515,60 €	

O obxecto do convenio está financiado pola Deputación de Lugo, tanto o proxecto de Urbanización do Polígono industrial de A Fonsagrada, cun orzamento de 2.612.065,73 €, como as expropiacións ou as adquisicións de terreos cuxo custo inicialmente estimado é de 113.449,87 € sen prexuízo das posibles modificacións no desenvolvemento do procedemento expropiatorio que conlevarán addenda de modificación do convenio.

Terceiro.- En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020, resulta competencia da Xunta de Goberno, atendendo ao importe do convenio.

Conclusión.

Así pois a proposta de modificación segunda do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

Tendo en conta que o órgano competente para a aprobación da modificación do convenio é a Xunta de Goberno en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	58/102





regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Consta informe de fiscalización do expediente pola Intervención de data IV7TWHDLBVZ7DN7RRNE6HZX54.

Por todo o exposto propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- A aprobación da adenda de modificación segunda ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o concello de A Fonsagrada coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Urbanización do polígono industrial de A Fonsagrada, (incluído expropiacións/adquisición de terreos), do seguinte teor:

Addenda de modificación segunda ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación de Lugo e o Concello de A Fonsagrada para a execución dos fins comúns consistentes en: Urbanización do polígono industrial de A Fonsagrada, (incluído expropiacións/adquisición de terreos).

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Excma. Deputación Provincial de Lugo, con C.I.F. P-2700000I e sé social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local.

E doutra don Carlos López López, con N.I.F. 76571121-G, que actúa en nome e representación do concello de A Fonsagrada, con C.I.F. P-2701800-A e sé social en Praza do Concello, s/n – 27100- A Fonsagrada-, de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa calidade de Alcalde.

Actuando don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

As partes comparecentes recoñécense a representación, poderes bastantes e a capacidade xurídica necesaria para obrigarse nos termos da presente modificación do

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	59/102



Convenio aceptándose reciprocamente as representacións en cuxa virtude actúan, de común acordo, e a tal efecto,

Expoñen.

Primeiro.- A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 10/03/2023, prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Fonsagrada coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: Urbanización do polígono industrial de A Fonsagrada, (incluído expropiacións/adquisición de terreos), asinándose o convenio en data 21/04/2023, no que se incluía:

INVESTIMENTO	ACHEGA DEPUTACIÓN (90%)	ACHEGA CONCELLO (10%)
URBANIZACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A FONSGRADA, (incluído expropiacións/adquisición de terreos)	Anualidade 2023: 250.000,00€ Anualidade 2024: 727.262,16€ Anualidade 2025: 727.262,17€ Anualidade 2026: 727.262,17€	Anualidade 2023: 67.549,62€ Anualidade 2024: 67.549,62€ Anualidade 2025: 67.549,63€ Anualidade 2026: 67.549,63€
SUB-TOTAL	2.431.786,50€	270.198,50€
TOTAL	2.701.985,00€	

O obxecto do convenio está financiado no 90% pola Deputación de Lugo, tanto o proxecto de Urbanización do Polígono industrial de A Fonsagrada, cun orzamento de 2.612.065,73 €, como as expropiacións ou as adquisicións de terreos cuxo custo inicialmente estimado é de 89.919,27 € (xa que a redacción do proxecto de expropiación inclúese como obriga da Deputación neste convenio, sendo imposible unha valoración exacta, e o proxecto de urbanización está pendente de autorizacións sectoriais, que poderán requirir modificacións en dito proxecto, que de existir, conlevarán addenda de modificación do convenio).

Segundo.- Por Resolución da Presidencia de data 19/02/2025, dada conta a Xunta de Goberno o 28/02/2025 aprobouse addenda de modificación quedando:

INVESTIMENTO	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
URBANIZACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A FONSGRADA, (incluído expropiacións/adquisición de terreos)	Anualidade 2023: 250.000,00€ Anualidade 2024: 727.262,16€ Anualidade 2025: 732.857,61€ Anualidade 2026: 727.262,17€	Anualidade 2023: 67.549,62€ Anualidade 2024: 67.549,62€ Anualidade 2025: 67.549,63€ Anualidade 2026: 67.549,63€
SUB-TOTAL	2.437.381,94€	270.198,50€
TOTAL	2.707.580,44€	

O obxecto do convenio está financiado pola Deputación de Lugo, tanto o proxecto de Urbanización do Polígono industrial de A Fonsagrada, cun orzamento de 2.612.065,73€, como as expropiacións ou as adquisicións de terreos cuxo custo inicialmente estimado é de 95.514,71€ sen prexuízo das posibles modificacións no desenvolvemento do procedemento expropiatorio que conlevarán addenda de modificación do convenio.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	60/102





Terceiro.- Dende o Concello de A Fonsagrada, solicitan nova addenda de modificación en virtude do informe do Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos relativo ao incremento do custo do proxecto de expropiación por tasación conxunta para a execución do polígono industrial de A Fonsagrada, que ascende a un importe de 113.449,87€, o que supón un incremento do custo inicialmente estimado de 17.935,16€.

Cuarto.- Tal circunstancia motiva a modificación de determinadas cláusulas do convenio interadministrativo suscrito con data 21/04/2023 que é preciso operar a través dunha segunda addenda de modificación ao mesmo, a cuxo estrito cumprimento quedarán suxeitas as partes asinantes.

Por canto antecede, as partes formalizan e subscriben a presente modificación do convenio con suxeición as seguintes:

Cláusulas.

Primeira- Obxecto.

Modifícase a cláusula primeira, do convenio de interadministrativo suscrito con data 21/04/2023 e addenda asinada o 19/02/2025, que quedará redactado co seguinte teor:

“[.....]

Para acadar estes obxectivos compartidos, ambas administracións comprométense a realizarlos seguintes investimentos:

INVESTIMENTO	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
URBANIZACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A FONSGRADA, (incluído expropiacións/adquisición de terreos)	Anualidade 2023: 250.000,00€ Anualidade 2024: 727.262,16€ Anualidade 2025: 750.792,77€ Anualidade 2026: 727.262,17€	Anualidade 2023: 67.549,62€ Anualidade 2024: 67.549,62€ Anualidade 2025: 67.549,63€ Anualidade 2026: 67.549,63€
SUB-TOTAL	2.455.317,10€	270.198,50€
TOTAL	2.725.515,60€	

O obxecto do convenio está financiado pola Deputación de Lugo, tanto o proxecto de Urbanización do Polígono industrial de A Fonsagrada, cun orzamento de 2.612.065,73 €, como as expropiacións ou as adquisicións de terreos cuxo custo inicialmente estimado é de 113.449,87 € sen prexuízo das posibles modificacións no

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	61/102



desenvolvemento do procedemento expropiatorio que conlevarán addenda de modificación do convenio

A Deputación desenvolverá as funcións de órgano de Contratación, de acordo co proxecto de execución do investimento que foi obxecto de licitación ao efecto, unha vez sexa definitivo e consten nesta Deputación as licenzas e autorizacións necesarias para a execución do investimento, incluído a dispoñibilidade dos terreos. Ambas administracións obríganse a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida”.

Segunda.- Modifícase a cláusula terceira, do convenio de interadministrativo suscrito con data 21/04/2023 e addenda asinada o 19/02/2025 que quedará redactado co seguinte teor:

“[.....]

1) Ao financiamento dos investimentos descritos na cláusula primeira, polos importes indicados, con un total de 2.455.317,10€ con cargo ao orzamento das anualidades indicadas.

[.....]”.

Terceira.- Modifícase a cláusula cuarta, do convenio de interadministrativo suscrito con data 21/04/2023 e addenda asinada o 19/02/2025, que quedará redactado co seguinte teor:

“[.....]

O importe total a achegar pola Deputación de Lugo será con cargo ás aplicacións orzamentarias dos orzamentos da Deputación de Lugo que se indican:

Concepto	Importe	Aplicación orzamentaria
EXPROPIACIÓNS / ADQUISICIÓN TERREOS	Anualidade 2023: 89.919,27€ Anualidade 2025: 23.530,60€	1510.76200
URBANIZACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A FONSAGRADA	Anualidade 2023: 160.080,73€ Anualidade 2024: 727.262,16€ Anualidade 2025: 727.262,17€ Anualidade 2026: 727.262,17€	1510.65009

[.....]”.

Cuarta.- Outras cláusulas.

As demais cláusulas do convenio interadministrativo suscrito, en tanto non queden afectadas por esta modificación terceira, permanecerán invariables.

Ambas partes acordan incorporar ao convenio interadministrativo suscrito esta modificación, a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

En proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 3 páxinas, para un só efecto en lugar e data ut supra, do que, como secretario dou fe”.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	62/102	



2º.- A aprobación do gasto, en concepto de achega económica por importe de 17.935,16€, importe que supón o incremento do proxecto de expropiación dos terreos.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5º.- *Proposta relativa á terceira modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribas de Sil para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución varias actuacións no Concello de Ribas de Sil ano 2024.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“En relación ao asunto de referencia (Exp 2025/PES_03/013321) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe:

Antecedentes de feito.

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2024, acordou aprobar a seguinte proposta:

“Primeiro.- Aprobar o texto do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribas de Sil para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución varias actuacións no Concello de Ribas de Sil ano 2024 por importe total de 182.211,71 € cuxo contido é o seguinte: (...)

Segundo.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 115.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.”

Segundo.- O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribas de Sil para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións no concello de Ribas de Sil, ano 2024, formalizouse o 22 de novembro de 2024.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	63/102



Terceiro.- Dende o Concello de Ribas de Sil remitiuse, o 5 de maio de 2025, escrito no que literalmente se establece o seguinte:

“D. Roberto Castro González, Alcalde- Presidente do Concello de Ribas de Sil (Lugo)

Expoño:

Que o Concello de Ribas de Sil ten asinado un Convenio Interadministrativo de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións no concello de Ribas de Sil ano 2024 [aprobado por Acordo da Xunta de Goberno de data 15 de novembro de 2024].

Que dentro destas actuacións, está incluída a obra: “Pavimentación en camiños de A Cabarca” e Piñeira, cuxo orzamento ascende a 15.351,71 euros segundo a memoria valorada redactada por D^a Andrea Carolina Nuñez Cores, enxeñeira civil con n^o colexiado 26.214 (CITOP) de febreiro de 2024.

Que tras unha análise pormenorizada da devandita memoria, aprécianse erros técnicos significativos na valoración das partidas, que non se axustan ós valores de mercado de xeito que as obras, tal e como aparecen descritas na memoria, sexan inexecutables pola súa escasa contía económica.

Que advertidos estes erros, a mesma técnica redactora da memoria elabora unhas nova modificando prezos para axustalos ó valor real de mercado e eliminando un dos camiños dado que no caso de incluír os dous, o concello tería que asumir unha cantidade adicional de 8.000 euros aproximadamente, que a día de hoxe non pode afrontar con fondos propios.

Que por Resolución de Alcaldía de data 5 de maio de 2025, se aprobada a memoria titulada: “Pavimentación en camiño de A Cabarca” valorada redactada por D^a Andrea Carolina Nuñez Cores, enxeñeira civil con n^o colexiado 26.214 (CITOP), cuxo orzamento ascende a 11.519,55 euros.

Por todo o exposto anteriormente,

Solicito: A modificación do convenio interadministrativo de Cooperación, substituíndo a obra inicialmente aprobada “Pavimentación en camiños de A Cabarca e Piñeira” por “Pavimentación en camiño de A Cabarca”. Achégase memoria valorada a tal efecto.”

Polo que a Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 9 de maio de 2025, acordou aprobar a modificación solicitada dende o concello de Ribas de Sil.

Cuarto.- A addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribas de Sil para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións no concello de Ribas de Sil, ano 2024, formalizouse o 26 de maio de 2025.

Quinto.- Dende o Concello de Ribas de Sil remitiuse escrito, de data 3 de xuño de 2025, no que literalmente se solicita o seguinte:

“O Concello de Ribas de Sil ten asinado un Convenio Interadministrativo de Cooperación coa Deputación Provincial de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de dez actuacións para o ano 2024.

Co fin de axilizar e racionalizar o procedemento de xustificación das diferentes actuacións obxecto do convenio,

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	64/102





Solicito: Que se nos permita presentar as contas xustificativas parciais para cada unha das actuacións.”

Polo que a Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 6 de xuño de 2025, acordou aprobar a segunda modificación solicitada dende o concello de Ribas de Sil.

Sexto.- A segunda addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribas de Sil para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións no Concello de Ribas de Sil, ano 2024, formalizouse o 16 de xuño de 2025.

Sétimo.- O representante do Concello de Ribas de Sil remitiu, o 30 de xuño de 2025, escrito no que literalmente se establece o seguinte:

“Expoño.

Que o Concello de Ribas de Sil ten asinado un Convenio Interadministrativo de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución varias actuacións no Concello de Ribas de Sil, ano 2024.

Que por Resolución de Alcaldía do 30 de xuño de 2025, se determina que o concello necesita eliminar dúas actuacións do convenio por considerar que xa non son prioritarias:

“Pequenas obras de mellora na casa consistorial”. O Obradoiro de Emprego SILLOR XI rematou as actuacións previstas e acometerá novas accións entre as que se atopa a mellora da Casa Consistorial, polo que non procede executar esta obra con cargo ao convenio coa Deputación.

“Remolque plataforma para transporte de maquinaria para tractor municipal”.

A día de hoxe considérase que a adquisición desta plataforma non é prioritaria dado que a Minipala ten poucas saídas e cando é preciso recórrese a contratación de empresas externas para estes desprazamentos. e pretende substituílas por dúas novas actuacións:

“Iluminación e alumeado de emerxencia de recorridos de evacuación – Xeocamping de Ribas de Sil”. Para proceder á inminente apertura do Xeocamping de Ribas de Sil, é necesario, por requirimento de Turismo, que se executen unha serie de actuacións para dotar ás instalacións dun correcto alumeado de emerxencia que facilite a evacuación en caso de necesidade.

“Adquisición de equipos de poda, coidado de xardíns e roza para a brigada municipal de Ribas de Sil”. Unha vez que comezou a campaña de roza, limpeza de camiños e coidado de xardíns, comprobouse que o estado actual do equipamento existente non é bo. As máquinas rozadoiras, motoserras, cortacésped, etc... teñen xa moitos anos e

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	65/102	

están a presentar moitos problemas de funcionamento e avarías. Faise necesario, por tanto, acometer unha pequena inversión para dotar á Brigada Municipal de maquinaria nova para facer fronte ós traballos de limpeza, roza, etc...

Que na mesma Resolución de Alcaldía se aproban as memorias valoradas; “Iluminación y alumbrado de emergencia de recorridos de evacuación xeocamping de Ribas de Sil”, redactada por D^a. Verónica Quintela Soto, arquitecta técnica asesora municipal, cuxo orzamento ascende a 4.865,41 € (con IVE incluído) e “Adquisición de equipos de poda, coidado de xardíns e roza para a brigada municipal de Ribas de Sil”, elaborada polo servizos municipais e cuxo orzamento ascende a 12.344,06 € (con IVE incluído).

Por todo o exposto anteriormente,

Solicito: A modificación do convenio interadministrativo de Cooperación, substituíndo as actuacións “Pequenas obras de mellora na casa consistorial” e “Remolque plataforma para transporte de maquinaria para tractor municipal” por “Iluminación e alumbrado de emerxencia de recorridos de evacuación – Xeocamping de Ribas de Sil” e “Adquisición de equipos de poda, coidado de xardíns e roza para a brigada municipal de Ribas de Sil”. Achéganse memorias valoradas a tal efecto.”

Consideracións xurídico- administrativas.

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2024.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2026 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2025, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.”

Na cláusula Oitava.- Modificación.

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”

Segunda.- En canto ao órgano competente para aprobar a terceira modificación do convenio é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou o gasto, a concesión e as súas modificacións.

Conclusiones.

Por todo o exposto, e tendo en conta que:

O convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo.

Media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común).

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	66/102





Que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros. E que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento infórmase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a terceira modificación do convenio solicita polo alcalde do concello de Ribas de Sil nos termos da terceira addenda do convenio incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia.”

E tendo en conta que consta informe favorable de Intervención, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a terceira modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribas de Sil para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións no Concello de Ribas de Sil, ano 2024, formalizado o 22 de novembro de 2024 e modificado o 26 de maio e o 16 de xuño de 2025, nos termos da terceira addenda que quedará redactada nos seguinte senso.

Terceira addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribas de Sil para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución varias actuacións no Concello de Ribas de Sil ano 2024.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-27000001 e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra don Roberto Castro González, Alcalde do Concello de Ribas de Sil, con N.I.F P2705200J e sede social na Praza Maior,1 CP 27310, Ribas de Sil actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, O Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	67/102	

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos da presente terceira addenda e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2024, acordou aprobar a seguinte proposta:

“Primeiro.- Aprobar o texto do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribas de Sil para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución varias actuacións no concello de ribas de sil ano 2024 por importe total de 182.211,71 € cuxo contido é o seguinte: (...) Segundo.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 115.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.”

Segundo.- O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribas de Sil para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións no concello de Ribas de Sil, ano 2024, formalizouse o 22 de novembro de 2024.

Terceiro.- Dende o Concello de Ribas de Sil remitiuse, o 5 de maio de 2025, escrito no que literalmente se establece o seguinte:

“D. Roberto Castro González, Alcalde- Presidente do Concello de Ribas de Sil (Lugo).

Expoño:

Que o Concello de Ribas de Sil ten asinado un Convenio Interadministrativo de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións no concello de Ribas de Sil ano 2024 [aprobado por Acordo da Xunta de Goberno de data 15 de novembro de 2024].

Que dentro destas actuacións, está incluída a obra: “Pavimentación en camiños de A Cabarca” e Piñeira, cuxo orzamento ascende a 15.351,71 euros segundo a memoria valorada redactada por D^a Andrea Carolina Nuñez Cores, enxeñeira civil con n^o colexiado 26.214 (CITOP) de febreiro de 2024.

Que tras unha análise pormenorizada da devandita memoria, aprécianse erros técnicos significativos na valoración das partidas, que non se axustan ós valores de mercado de xeito que as obras, tal e como aparecen descritas na memoria, sexan inexecutables pola súa escasa contía económica.

Que advertidos estes erros, a mesma técnica redactora da memoria elabora unhas nova modificando prezos para axustalos ó valor real de mercado e eliminando un dos camiños dado que no caso de incluír os dous, o concello tería que asumir unha cantidade adicional de 8.000 euros aproximadamente, que a día de hoxe non pode afrontar con fondos propios.

Que por Resolución de Alcaldía de data 5 de maio de 2025, se aprobada a memoria titulada: “Pavimentación en camiño de A Cabarca” valorada redactada por D^a Andrea Carolina Nuñez Cores, enxeñeira civil con n^o colexiado 26.214 (CITOP), cuxo orzamento ascende a 11.519,55 euros.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	68/102





Por todo o exposto anteriormente,

Solicito: A modificación do convenio interadministrativo de Cooperación, substituíndo a obra inicialmente aprobada “Pavimentación en camiños de A Cabarca e Piñeira” por “Pavimentación en camiño de A Cabarca”. Achégase memoria valorada a tal efecto.”

Polo que a Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 9 de maio de 2025, acordou aprobar a modificación solicitada dende o concello de Ribas de Sil.

Cuarto.- A addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribas de Sil para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións no concello de Ribas de Sil, ano 2024, formalizouse o 26 de maio de 2025.

Quinto.- Dende o Concello de Ribas de Sil remitiuse escrito, de data 3 de xuño de 2025, no que literalmente se solicita o seguinte:

“O Concello de Ribas de Sil ten asinado un Convenio Interadministrativo de Cooperación coa Deputación Provincial de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de dez actuacións para o ano 2024.

Co fin de axilizar e racionalizar o procedemento de xustificación das diferentes actuacións obxecto do convenio,

Solicito: Que se nos permita presentar as contas xustificativas parciais para cada unha das actuacións.”

Polo que a Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 6 de xuño de 2025, acordou aprobar a segunda modificación solicitada dende o concello de Ribas de Sil.

Sexto.- A segunda addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribas de Sil para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de varias actuacións no concello de Ribas de Sil, ano 2024, formalizouse o 16 de xuño de 2025.

Sétimo.-O representante do Concello de Ribas de Sil remitiu, o 30 de xuño de 2025, escrito no que literalmente se establece o seguinte:

“Expoño.

Que o Concello de Ribas de Sil ten asinado un Convenio Interadministrativo de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución varias actuacións no concello de Ribas de Sil, ano 2024.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	69/102



Que por Resolución de Alcaldía do 30 de xuño de 2025, se determina que o concello necesita eliminar dúas actuacións do convenio por considerar que xa non son prioritarias:

“Pequenas obras de mellora na casa consistorial”. O Obradoiro de Emprego SILLOR XI rematou as actuacións previstas e acometerá novas accións entre as que se atopa a mellora da Casa Consistorial, polo que non procede executar esta obra con cargo ao convenio coa Deputación.

“Remolque plataforma para transporte de maquinaria para tractor municipal”.

A día de hoxe considérase que a adquisición desta plataforma non é prioritaria dado que a Minipala ten poucas saídas e cando é preciso recórrese a contratación de empresas externas para estes desprazamentos. e pretende substituílas por dúas novas actuacións:

“Iluminación e alumeado de emerxencia de recorridos de evacuación – Xeocamping de Ribas de Sil”. Para proceder á inminente apertura do Xeocamping de Ribas de Sil, é necesario, por requirimento de Turismo, que se executen unha serie de actuacións para dotar ás instalacións dun correcto alumeado de emerxencia que facilite a evacuación en caso de necesidade.

“Adquisición de equipos de poda, coidado de xardíns e roza para a brigada municipal de Ribas de Sil”. Unha vez que comezou a campaña de roza, limpeza de camiños e coidado de xardíns, comprobouse que o estado actual do equipamento existente non é bo. As máquinas rozadoiras, motoserras, cortacésped, etc... teñen xa moitos anos e están a presentar moitos problemas de funcionamento e avarías. Faise necesario, por tanto, acometer unha pequena inversión para dotar á Brigada Municipal de maquinaria nova para facer fronte ós traballos de limpeza, roza, etc...

Que na mesma Resolución de Alcaldía se aproban as memorias valoradas; “Iluminación y alumbrado de emergencia de recorridos de evacuación xeocamping de Ribas de Sil”, redactada por D^a. Verónica Quintela Soto, arquitecta técnica asesora municipal, cuxo orzamento ascende a 4.865,41 € (con IVE incluído) e “Adquisición de equipos de poda, coidado de xardíns e roza para a brigada municipal de Ribas de Sil”, elaborada polo servizo municipais e cuxo orzamento ascende a 12.344,06 € (con IVE incluído).

Por todo o exposto anteriormente,

Solicito: A modificación do convenio interadministrativo de Cooperación, substituíndo as actuacións “Pequenas obras de mellora na casa consistorial” e “Remolque plataforma para transporte de maquinaria para tractor municipal” por “Iluminación e alumeado de emerxencia de recorridos de evacuación – Xeocamping de Ribas de Sil” e “Adquisición de equipos de poda, coidado de xardíns e roza para a brigada municipal de Ribas de Sil”. Achéganse memorias valoradas a tal efecto.”

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben, en nome das entidades ás que representan, a presente terceira addenda, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY		Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY		Página	70/102	



Cláusulas.

Primeira.- As partes acordan modificar as cláusulas primeira e quinta do convenio formalizado o 22 de novembro de 2024 e modificado o 26 de maio e o 16 de xuño de 2025, que quedarán redactadas no seguinte senso:

Cláusula Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribas de Sil, en exercicio das súas competencias, para a execución das actuacións que se detallan a continuación:

Actuacións	CUSTE (IVE engadido)
INSTALACIÓN ELÉCTRICA PARA CAMPING	11.756,12 €
OPTIMIZACIÓN ENERXÉTICA DE INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO E REDUCCIÓN DA CONTAMINACIÓN LUMÍNICA EN RIBAS DE SIL E HONORARIOS TÉCNICOS ((honorarios de memorias técnicas/proxectos e honorarios de dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde)	21.688,04 €
PAVIMENTACIÓN EN CAMIÑO DE A CABARCA	11.519,55 €
ADQUISICIÓN E INSTALACIÓN DE COMPRESOR PARA ETAP	2.822,92 €
ADQUISICIÓN DE ROZADOIRA LATERAL PARA PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTALS	36.776,11 €
ADQUISICIÓN DE PARCELAS CON REF. CATASTRAIS 0832114PH4003S0001JM E 0832117PH4003S0001ZM	29.059,35 €
ILUMINACIÓN E ALUMEADO DE EMERXENCIA DE RECORRIDOS DE EVACUACIÓN XEOCAMPING DE RIBAS DE SIL	4.865,41 €
MELLORA DE CAMIÑO DE FILGUEIRO A OS VILARES	43.048,00 €
SUBMINISTRO DE PROGRAMADORES ASTRONÓMICOS PARA ALUMEADO PÚBLICO	4.500,00 €
ADQUISICIÓN DE EQUIPOS DE PODA, COIDADADO DE XARDÍNS E ROZA PARA A BRIGADA MUNICIPAL DE RIBAS DE SIL	12.344,06 €
CUSTE TOTAL (IVE ENGADIDO)	178.379,56 €

No suposto de producirse alteracións respecto de cada un dos gastos previstos poderanse compensarse entre si os distintos importes sempre que todas as actuacións estean executadas e pagadas.

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
115.000,00 €	63.379,56 €
178.379,56 €	

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	71/102



Cláusula Quinta.- Réxime económico.

“A) Achegas:

1.- Achega da Deputación.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 115.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2024 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

2.- Achega do Concello.

O Concello de Ribas de Sil aportará 63.379,56 € e financiará o importe que reste e sexa necesario para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

B) Titularidade do resultado da cooperación.

O resultado da cooperación será de titularidade do concello de Ribas de Sil.

C) Xustificación da achega económica.

O prazo previsto para que dende o concello de Ribas de Sil se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 15 de novembro de 2025.

Admitiranse contas xustificativas por cada unha das actuacións obxecto do convenio sempre que as mesmas estean totalmente executadas e pagadas.

No suposto de optar por contas xustificativas para cada unha das actuacións as achegas das partes regularizaranse coa derradeira conta xustificativa.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións realizadas.

Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:

a) A relación clasificada de gastos da actuación obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.

b) O custo total da actuación desenvolta e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos da actuación atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

c) Que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución das actuacións obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.

(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)

Resolución ou acordo de adxudicación

Escritura de compra venta

Acta de recepción. Nos supostos en que a Intervención da comprobación material da inversión non sexa preceptiva a comprobación da inversión xustificárase coa acta de

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	72/102	



conformidade asinada polos que participaron na comprobación material da inversión ou coa certificación expedida polo Xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se expresará haberse feito cargo do material adquirido, especificándoo có detalle necesario para a súa identificación, ou haberse executado a obra ou servizo con arranxo ás condicións xerais e particulares que, en relación con eles, fosen previamente establecidas.

Declaración responsable emitida polo representante do Concello na que se recolla:

1. Que o Concello asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

4. Destino do ben (5 anos en obras e 2 anos en subministrados e servizos)

(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

2º.- As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta terceira addenda de modificación, permanecerán invariables.

Ambas partes acordan incorporar ao convenio, suscrito con data 22 de novembro de 2024 e modificado o 26 de maio e o 16 de xuño de 2025, esta terceira addenda a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente terceira addenda do que como secretario dou fe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY		Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY		Página	73/102	

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACEPTACIÓN DA RESOLUCIÓN DO XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA SOBRE O PREZO XUSTO DE BENS EXPROPIADOS.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a resolución do Xurado de Expropiación de Galicia, adoptada en relación co expediente expropiatorio conseguinte ao proxecto Construción de ponte sobre o río Azúmara, ensanche e mellora da LU-P-1611 “Cinturón comarcal” do P.K. 106+500 ao 107+887. POL- CASTROVERDE, non procede a revisión en vía xuridiscional do mencionado acordo, xa que non se dan os supostos contemplados no artigo 126 da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa e no artigo 140 do seu Regulamento.

Polo que vai dito, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a cantidade fixada polo Xurado de Expropiación de Galicia para a finca, propietarias e importe que a continuación se indican, desconsignándose a cantidade correspondente ao depósito previo e non sendo necesaria ningunha consignación adicional na Caixa de Depósitos da Tesourería Provincial por coincidir o importe da resolución do Xurado coa valoración da folia de aprecio desta Administración:

Nº Finca	Titulares	Depósito previo consignado (Acordo XG 16/08/2024)	Importe consignado da folia aprecio (Acordo XG 28/11/2024)	Importe da resolución do Xurado
55-A2	Alicia e Cristina Seijas Eiras, Carmen Eiras Pérez	186,52 €	1.958,47 €	1.958,47 €

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE ALLEAMENTO E ADXUDICACIÓN MEDIANTE POXA DE LOTES DE BENS MOBLES CUALIFICADOS DE EFECTOS NON UTILIZABLES PARA ESTA ENTIDADE PROVINCIAL ALMACENADOS NA NAVE PROVINCIAL SITUADA NO CONCELLO DE BEGONTE.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“1. 16.05.25 a Xunta de Goberno: Aprobar a tramitación do procedemento de concorrência pública para o alleamento por lotes dos efectos non utilizables almacenados na nave provincial situada no Concello de Begonte por medio de poxa pública á alza .

2. 21.05.25 no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo, o anuncio da licitación coas cláusulas administrativas, reitoras do procedemento, para a contratación mediante procedemento de concorrência pública.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	74/102





3. 23.06.25 Acta da mesa de poxa que formula por unanimidade, considera que a oferta da mercantil resulta axustada a ao prego reitor do procedemento, polo que formula proposta de adxudicación.

4. 23.06.25 A Secretaria Xeral e a Sección de Patrimonio o informa axustada a oferta ao prego reitor do procedemento, procedendo a formulación da proposta de adxudicación nos termos expostos pola Mesa de poxa para súa aprobación pola Xunta de Goberno.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno:

1º.- Adxudicar a favor de- Safety Cars Ocasión S.L pola contía total de 6.677,25 € sen IVE, os lotes e importes seguintes:

LOTE III : ELEMENTOS PARA TRABALLAR PEDRA	
Prezo	1.725,99 € sen IVE
LOTE V: PORTAS METÁLICAS	
Prezo	201,55 € sen IVE
LOTE VI: ESTRUCTURAS METÁLICAS	
Prezo	3.320,71 € sen IVE
LOTE VII: RADIADORES (50 UNIDADES)	
Prezo	296 € sen IVE
LOTE VIII: RADIADORES (50 UNIDADES)	
Prezo	297 € sen IVE
LOTE IX: RADIADORES (50 UNIDADES)	
Prezo	295 € sen IVE
LOTE X: RADIADORES (50 UNIDADES)	
Prezo	295 € sen IVE
LOTE XI: RADIADORES (50 UNIDADES)	
Prezo	246 € sen IVE

2º.- Declarar deserto por falta de licitadores os seguintes lotes:

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	75/102



LOTE I: ELEMENTOS A MOTOR	
Prezo base	8.180,14 € sen IVE
LOTE II: ELEMENTOS NAÚTICOS	
Prezo base	1.100 € sen IVE
LOTE IV: CLIMATIZADORES E DEPÓSITO	
Prezo base	1.210 € sen IVE
LOTE XII: ELEMENTOS PARA INMOBLES ASISTENCIAIS	
Prezo base	4.075 € sen IVE
LOTE XIII: ELEMENTOS DEPORTIVOS	
Prezo base	9.110,37 € sen IVE

3º.- Declarar que os lotes declarados desiertos poderán ser objeto de alleamento mediante adxudicación directa nas mesmas condicións e polo prezo de saída fixado no prego reitor ou noutro caso proceder a súa destrución.

4º.- Realizas as anotacións pertinentes no Libro de Inventario de Bens e Dereitos desta Deputación de Lugo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA REFERENTE Á ACTA DA ASAMBLEA XERAL, DE 27 DE MAIO DE 2025, DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO C DE PARADAI, LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe emitido pola Secretaría Xeral e a Sección de Patrimonio, en data de 26 de xuño de 2025, baixo o CSV IV7TVWZSKEMYXCG5CD5C55LTCA, que textualmente di:

“Á vista da Acta da Asamblea Xeral da Xunta de Compensación do Polígono C de Paradaí, Lugo, celebrada en data de 27 de maio de 2025, emítase o seguinte informe:

Antecedentes.

O Pleno, do Concello de Lugo, en sesión ordinaria, celebrada o día 30 de xuño de 2005, adoptou, entre outros, o acordo de aprobación definitiva, ao amparo do establecido no artigo 89.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, do Plan Especial de Reforma Interior do “Polígono C”, na zona comprendida entre a Ponte Romai e a Ponte da Estación, promovido pola Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A que establece como sistema de actuación a compensación.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	76/102





A Xunta de Goberno Local, do Concello de Lugo, en sesión que tivo lugar o 14 de decembro de 2005, aprobou, definitivamente, o proxecto de estatutos e bases de actuación para a constitución da Xunta de Compensación do “Polígono C” do expediente de modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana na zona comprendida entre a Ponte Romai e a Ponte da Estación, que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia número 34 , de data de 10 de febreiro de 2006.

O 18 de abril de 2007 constitúese a Xunta de Compensación, da unidade de actuación Polígono C, da zona comprendida entre a Ponte Romai a Ponte da Estación, con domicilio social na Praza de Santo Domingo, número 6-8, 5º A e B 27001 Lugo e CIF V27368984, mediante escritura outorgada polo notario D. José Manuel López Cedrón, baixo o protocolo número mil oitocentos vinte e dous e inscrita no rexistro xeral de entidades urbanísticas colaboradoras da Xunta de Galicia , baixo o número 28/07.

A propiedade da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A, neste Polígono de Actuación era a seguinte:

“Finca no lugar de Paradaí, parroquia de San Lorenzo de Albeiros, termo municipal de Lugo, que ten unha caseta á dereita da súa entrada, distribuída en cuadra, na súa planta baixa dúas habitacións e unha cociña na súa parte alta, e un faiado con armazón de madeira e cuberta de lousa, que mide cento catro metros cadrados; un patio cunha fonte, dunha extensión superficial de un ferrado e dezaioito cuartillos, equivalentes a oito áreas, vinte e nove centiáreas, pola medida de Lugo, un almacén para curtidos e cortiza na parte oeste do patio, é dicir, dereita entrando, de oito cuartillos e a cuarta parte doutro de extensión, iguais a cento oitenta metros cadrados; outro almacén ao Sueste , é dicir, fronte entrando, que ocupa a extensión superficial de catro cuartillos, equivalentes a oitenta e sete metros cadrados ao lado do cal existe a canle que conduce las augas á fabrica e sobre dita canle, un miradoiro con balconillos de ferro e á esquerda da porta de entrada e do patio, a casa fabrica con varios noques ou pilas para curtidos de peles na súa planta baixa, e no único alto que ten diferentes departamentos para habitar e un salón corrido para secadoiro de peles con faiado armazón de madeira e cuberta de lousa, que ocupa a extensión superficial dun ferrado e sete cuartillos, equivalentes a cincocentos oitenta e nove metros cadrados, existindo adherente, á parte Sueste, una horta regadía cunha caseta no seu fondo e varias arbores froiteiros, da extensión superficial de catro ferrados e trece cuartillos, equivalentes a vinte áreas, trinta centiáreas e setenta e un decímetros cadrados, ocupando todo o perímetro da caseta, patio, almacéns, casa fabrica e horta

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	77/102



a superficie de oito ferrados, quince cuartillos, equivalentes a trinta e oito áreas, vinte e unha centiáreas e corenta e seis decímetros cadrados”.

Esta finca está inscrita no Rexistro da Propiedade Número un de Lugo, ao Tomo 1672, Libro 1233, Folio 107 e Finca 6345, sendo a súa referencia catastral 8039001PH1683N0001AK.

A propiedade foi adquirida pola Sociedad Urbanística Provincial de Lugo, en data de once de febreiro de dous mil catro, mediante escritura pública de compraventa, outorgada por Dna. Camen Jato López, ante o Notario D. Emilio Navarro Moreno, baixo o protocolo número douscentos corenta e cinco.

En data de doce de febreiro de dous mil sete, esta propiedade vendeuse a D. Edelmiro Díaz Pérez mediante escritura pública, outorgada ante o Notario D. José Manuel López Cedrón, baixo o protocolo número seiscentos oitenta e un e, en data de nove de febreiro de dous mil nove, formalizouse a escritura de resolución de contrato de compra venta, referenciado anteriormente, ante o notario D. Manuel Ignacio Castro-Gil Iglesias, baixo o protocolo número catrocentos seis, recobrando a Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A a propiedade e posesión da finca descrita.

O Pleno desta Excm. Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de novembro de dous mil vinte adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“...a extinción da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A (SUPLUSA) con efectos desde o día 30 de novembro de 2020.
a aceptación da cesión do activo e pasivo consonte o artigo 83 da Lei 3/2009, do 3 de abril, de modificacións estruturais das sociedades mercantís...”

A cesión global de activo e pasivo implica a subrogación da Deputación na posición xurídica da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A respecto dos dereitos e obrigas dos que esta era titular.

Os propietarios que forman parte desta Xunta de Compensación, e as súas cotas de participación son as seguintes:

PROPIETARIO	COTA
LANDCOMPANY 2020 S.L.	31,7460%
DEPUTACIÓN DE LUGO	28,4059%
ADIF	20,6348%
CONCELLO DE LUGO	15,8733%
CÉSAR DORADO S.L.	3,3400%
TOTAL	100,0000%

Co fin da defensa e representación dos intereses provinciais, a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, en data de 9 de abril de 2021, nomeou representante da Excm. Deputación Provincial de Lugo, na Xunta de Compensación, da unidade de actuación Polígono C, da zona comprendida entre a Ponte Romai a Ponte da Estación

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	78/102





ao Secretario Xeral Adxunto D. José Antonio Mourelle Cillero e como suplente do mesmo á Técnico do Servizo de Patrimonio, Dña. Vanesa Vázquez Abad.

Consideracións xurídicas.

En data de 27 de maio de 2025, reuniuse a Asamblea Xeral da Xunta de Compensación, para aprobar, entre outros, os seguintes asuntos:

1. A aprobación das contas anuais do exercicio 2024.

O Secretario da Xunta de Compensación expón o resumo das contas anuais que é o seguinte:

RELACIÓN DE GASTOS DA ACTUACIÓN				
JUNTA				
CONCEPTO	TOTAIS	2024	2023	2022
PROFESIONAIS	34.642,22€	11.202,22€	6.300,00€	17.140,00€
TRAMITACIÓN	3.361,68€	0,00€	0,00€	3.361,68€
FINANCIEROS	810,00€	360,00€	360,00€	90,00€
TOTAL GASTOS	38.813,90€	11.562,22€	6.660,00€	20.591,68€

O apartado “Profesionais” de 2024 desglósase nos seguintes conceptos de gasto:

Procuradora: 702,22 €

Secretaría e asesoría xurídica e fiscal – 10.500,00 €

Tal como se indica polos administradores, a partida de 10.500,00 € corresponde aos honorarios de administración (15 mensualidades, o ano 2024 e tres mensualidades do ano 2023). Achégase co expediente a factura correspondente.

E en canto aos gastos de procurador corresponderían á partida presupostaria de “outros gastos”. Achégase co expediente as facturas correspondentes.

Estas Contas Anuais son aprobadas con voto a favor de todos os presentes, no caso da Deputación de Lugo fórmulanse condicionadas á aprobación polo órgano competente de dito organismo.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	79/102



2. A aprobación do presuposto de exercicio 2025 e réxime de aportación de derramas, nos seguintes termos:

PRESUPUESTO EJERCICIO 2025	
GASTOS	
CONCEPTO	TOTAL
PROXECTO DE COMPENSACIÓN (100% CONTRATO)	9.680,00€
PROXECTO DE URBANIZACIÓN (100% CONTRATO)	16.698,00€
SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN (700/MES*12)	10.164,00€
OUTROS GASTOS (REUNIÓN, NOTARÍA ETC)	1.815,00€
RECLAMACIÓN CONCELLO (recurso contencioso administrativo)	6.050,00€
TOTAIS	44.407,00€

RECURSOS	
CONCEPTO	TOTAL
APORTACIÓN PROPIETARIOS	44.407,00€
TOTAIS	44.407,00€

O presuposto é aprobado co voto a favor de todos os presentes, se ben o da Diputación se formula condicionado á aprobación da presente Acta polo órgano competente de dito organismo.

Os presentes acordan delegar no Presidente a solicitude de derramas con cargo ao presuposto aprobado para o exercicio 2025, co límite da cantidade total resultante do mesmo.

3. Aprobación do proxecto de compensación emendado de acordo co informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais.


A proposta que se somete á aprobación inicial da Asamblea, de acordo co exposto polo Secretario da Xunta de Compensación, conta co visto bo dos servizos técnicos municipais e concrétase en:

RESUMEN PARCELAS DE RESULTADO DE TITULARIDAD PATRIMONIAL

PARCELA	TITULARIDAD	SUPERFICIE (m²)	APROV. PARCELA	APROV. PROP.	CUOTA PROPIEDAD PARCELA (%)	CUOTA COSTE URB. PARCELA (%)	COSTE URB. PARCELA (€)
R-1	Ayuntamiento de Lugo (Cesión 10%)	224,64	1.905,19	1.905,19	100,00	0,0000	0,00
R-2	Ayuntamiento de Lugo (Patrimonial)	300,26	2.591,06	2.591,06	100,00	15,1111	130.967,23
R-3	Deputación Provincial de Lugo	571,57	4.932,53	4.932,53	100,00	28,7666	249.318,84
R-4	LANDCOMPANY 2020 S.L.	634,81	5.481,23	5.481,23	100,00	31,9667	277.053,97
R-5	ADIF	479,93	4.141,88	3.560,80	85,97	24,1556	209.355,52
	CÉSAR DORADO, S.L.			581,08	14,03		
TOTAL		2.211,21	19.051,89	19.051,89		100,0000	866.695,56

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	80/102





O Proxecto de compensación,foi aprobado co voto a favor de todos os presentes, salvo abstención de ADIF. A Deputación de Lugo condiciona a aprobación do mesmo á aprobación da presente Acta polo órgano competente de dito organismo, efectuada a mesma, entenderase confirmado o voto favorable.

En relación con este proxecto de compensación, data de 13 de xuño de 2025, foi emitido informe pola Técnica Superior de Edificación e Obras da Unidade de Proxectos da Deputación de Lugo, no que dí:

“Segundo a información que forma parte do proxecto, a Deputación aporta unha superficie total de 3.928, 10 m² de solo, procedentes de dúas parcelas, que no proxecto se numeran como Finca nº 2 (resto de finca matriz incluída no polígono) e Finca nº 11. A superficie total do polígono é de 14.564,93 m².

Da reordenación das parcelas asígnase á Deputación unha parcela, denominada R-3, con superficie de 571,57 m² e un aproveitamento de 4.932,53 UAs, resultantes de distribuír o valor de edificabilidade total do polígono entre os distintos titulares, unha vez restada a cesión do 10% que corresponde ao Concello de Lugo e compensada a correspondente aos propietarios minoritarios, aos que se realiza a compensación económica.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	81/102	

Segundo os cálculos realizados, os datos correspondentes á Deputación de Lugo son:
Superficie aportada: 3.928, 10 m² (106,64 m² resto finca matriz nº 2 incluída no polígono + 3.821,46 m² finca nº 11).

Cuota de aportación bruta: 28,28 % [3.928,10 m² superficie aportada / (14.564,93 m² superficie total polígono-676,17 m² vial existente)].

Cuota de aportación neta: 25,452% (28,28% cuota aportación bruta - 2,828% cesión Concello).

Aproveitamento de dereito: 4.849,09 UAs (19.051,89 UAs polígono x 25,452 % cuota aportación neta).

Cuota de dereito sen propietarios minoritarios: 25,89 % [4.849,09 UAs aproveitamento de dereito I (19.051,89 UAs totais - 294,93 UAs propietarios minoritarios - 30,48 UAs non aplicables á cesión)].

Aproveitamento incluídas 294,93 UAs propietarios minoritarios: 4.932,53 UAs (19.051,89 UAs totais x 25,89 % cuota dereito sen propietarios minoritarios).

Cuota coste urbanización: 28, 7666 % [4.932,53 UAs aproveitamento Deputación/ (19.051,89 UAs totais - 1.905, 19 UAs cesión Concello)].

A parcela resultante R-3 coincide en ubicación con parte da parcela orixinaria nº 11, aportada pola Deputación de Lugo, e axústase á ordenación establecida no Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente, aprobado o 19 de abril de 2011. Correspóndelle un aproveitamento urbanístico de 4.932,53 UAs, conforme aos cálculos que se detallan nos apartados anteriores.

O que se informa aos efectos oportunos en Lugo, a 13 de xuño de 2025.”

Ademais, nesta mesma reunión no procedeuse á renovación de cargos do Consello Rector, para os próximos dous anos, coincidentes cos existentes ata o momento, e sendo a súa composición a seguinte:

CARGO	DESIGNACIÓN
PRESIDENTE	LANDCOMPANY 2020, S.L Representante persona física, Daniel Ayuso Leno
VOCAL 1	DIPUTACIÓN DE LUGO Representada por JOSÉ ANTONIO MOURELLE CILLERO o empleado/a público en quien delegue.
VOCAL 2	ADIF Representada por M ^a ADORACIÓN PRADA
VOCAL 3	AYUNTAMIENTO
SECRETARIO	CESAR PEREZ MALDONADO

Deuse conta, tamén, sobre o estado de tramitación do proxecto de urbanización desta actuación, concluíndo que se atopa pendente da resolución da pola Consellería de Medio Ambiente da EIA e a ulterior aprobación definitiva polo Concello de Lugo.

O artigo 24 do Real Decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de Xestión Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre réximen de solo e Ordenación urbana establece:

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY		Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY		Página	82/102	



“.. son entidades urbanísticas colaboradoras... as Xuntas de Compensación... as entidades urbanísticas colaboradoras rexiranse polos seus estatutos e o diposto nesta Sección...”

O Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, de solo de Galicia establece no seu artigo 305 que a xunta de compensación terá natureza administrativa, personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins (de acordo co artigo 123.4 da LSG).

En canto ao proxecto de compensación a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia no artigo 125 dispón que de acordo co establecido nas bases de actuación, a xunta de compensación formulará o correspondente proxecto de compensación e o proxecto de compensación será aprobado según o procedemento establecido polo artigo 106 da presente lei, coa salvedade, de que a aprobación inicial corresponderá á xunta de compensación.

Os estatutos desta Xunta de Compensación, publicados no Boletín Oficial da Provincia número 34, de 10 de febreiro de 2006, establecen no seu artigo 38 que a participación dos membros da Xunta de Compensación nos dereitos e obrigacións establecidos..virá definida pola cota ou porcentaxe sobre o total que a cada un corresponda e o seu artigo 41.1 dispón en canto as obrigas dos membros da xunta de compensación que deberán satisfacer puntualmente as cantidades necesarias para atender ós gastos ordinarios e extraordinarios da xunta de compensación...”

De acordo co exposto e visto o informe emitido pola Técnica Superior de Edificacións e Obras da Unidade de Proxectos da Deputación de Lugo, en data de 13 de xuño de 2025, considérase necesaria a aprobación polo órgano competente da Deputación Provincial, a Xunta de Goberno, das contas anuais, correspondentes ao exercicio 2024, do presuposto do exercicio 2025 e réxime de aportación de derramas da Xunta de Compensación do Polígono C de Paradai, Concello de Lugo, no que corresponde á cota da Deputación Provincial e a aprobación do proxecto de compensación emendado de acordo co informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais, dando conta a este mesmo órgano do resto de acordos adoptados nesta Sesión da Xunta de Compensación.

A aportación da Deputación de Lugo, de acordo coa súa cota participación(28,4059%) sería de doce mil seiscientos catorce euros con vinte e un céntimos (12.614,21€).”

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	83/102



Polo exposto, e visto o informe emitido pola Intervención, en data de 2 de xullo de 2025, con CSV IV7TWDIMB5PLVC4PDU4GCQ3GMI, propoño á Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, que adopte os seguintes acordos:

1º.- Aprobado o presuposto para o exercicio 2025 e réxime de aportación de derramas da Xunta de Compensación do Polígono C, Paradaí, Lugo, no que corresponde á cota da Deputación Provincial que ascende a doce mil seiscientos catorce euros con vinte e un céntimos) (IVE incluído).

2º.- Aprobado as Contas Anuais, correspondentes ao exercicio 2024 da Xunta de Compensación do Polígono C, Paradaí, Lugo.

3º.- Aprobado o proxecto de compensación emendado de acordo co informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais.

4º.- Tomar coñecemento dos acordos adoptados pola Xunta de Compensación do Polígono C de Paradaí, Concello de Lugo, referentes á renovación de cargos do Consello Rector e ao estado de tramitación do proxecto de urbanización desta actuación.

5º.- Notificar o presente acordo á Xunta de Compensación do Polígono C de Paradaí, Lugo.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE SOLICITUDE, SE PROCEDE, DE EXTENSIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DOS PROXECTOS INCLUÍDOS NAS AXUDAS CONCEDIDAS POLO MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL DESTINADAS Á TRANSFORMACIÓN DIXITAL E MODERNIZACIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS DAS ENTIDADES LOCAIS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (PRTR)- PROGRAMA IMPULSATIC (PLAN DE DIXITALIZACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO).

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Á vista do informe conxunto do Servizo de Comunicación e TICS e d Sección de Innovación e Participación Cidadá que a teor literal di:

Antecedentes.

Primeiro.- A Deputación de Lugo resultou beneficiaria das axudas reguladas na Orde TER/836/2022, do 29 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación,

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	84/102





Transformación e Resiliencia, e se efectúa a convocatoria correspondente a 2022. As subvencións contempladas na devandita Orde destínanse a financiar proxectos de modernización e dixitalización no ámbito das administracións das entidades locais. Os destinatarios das actuacións a realizar son os concellos da provincia de Lugo con poboación inferior a 20.000 habitantes.

Segundo.- Para a execución das axudas creouse o programa ImpulsaTIC, Plan de Dixitalización da Provincia de Lugo, para agrupar as propostas presentadas no marco da Orde TER/836/2022.

Á vista das actividades nas que cada concello quere participar, e en base á información das enquisas remitidas por cada concello que permiten determinar a situación actual e as súas necesidades, elaborouse a distribución final baseada nesta información e de forma equitativa por cada unha das actividades. En Xunta de Goberno de 24.11.2023 prestouse aprobación a este reparto e ao alcance dos proxectos e actuacións enmarcados dentro do proxecto ImpulsaTIC para cada un dos 52 concellos adheridos.

Terceiro.- A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo en sesión ordinaria do 01 de marzo de 2024 aproba solicitar ante o Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática unha extensión do período de execución da subvención concedida ata o máximo permitido conforme ao artigo 11 da ORDE TER/836/2022. Resolvendo a data de 15 de marzo de 2024 a Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local a ampliación do prazo ata o 30 de setembro de 2024.

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria de día 12 de xullo de 2024, acorda solicitar, en base ao artigo 11.1 da Orde TER/836/2022, unha segunda ampliación do prazo de execución dos proxectos ata o máximo posible. Resolvendo o Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática, con data 23 de xullo de 2024, a extensión de dito prazo de execución ata o 31 de marzo de 2025.

Cuarta.- No mes de decembro de 2023 iníciase con carácter de urxencia as licitacións asociadas á execución dos proxectos, sendo adxudicadas en tempo e forma. Existe un remanente de 599.877,18 € con respecto á axuda inicial concedida.

Con base nese remanente, a Xunta de Goberno, en sesión ordinaria do 25 de outubro do 2024 acorda solicitar ante o Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática unha ampliación do alcance do proxecto “Ayuntamientos de la provincia de Lugo resilientes. Creación de oficinas municipales de prestación de servicios electrónicos a los ciudadanos e implantación de un sistema de automatización y digitalización de las sesiones plenarios municipales” do programa Impulsatic (Plan de

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	85/102



dixitalización da provincia de Lugo) con número de expediente 499-632865 para incorporar as seguintes subactuacións:

Subactuación 1. Dotación de servidores municipais. Que consiste en renovar os servidores locais municipais que actualmente están obsoletos (tanto en recursos hardware como en software), para substituílos por servidores de nova xeración, con altas capacidades, máis seguros e eficientes. O importe estimado para esta actuación sería de 260.000€.

Subactuación 2. Implantación dun punto de fichaxe e un sistema de control horario. Para que os concellos poidan automatizar e modernizar o rexistro da xornada laboral conforme o artigo 34 do Real Decreto 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto de Traballadores, dotarase a cada concello dun terminal de físico de fichaxe xunto con tarxetas para os traballadores municipais, ademais implantarase un aplicación que permita realizar a xestión das fichaxes e os permisos, dende o ordenador vía web ou dende o móbil vía APP. O importe estimado para esta actuación sería de 260.000€.

Con data 17 de decembro de 2024 o Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática resolve favorablemente a solicitude.

Quinta.- A ampliación de alcance resolta en decembro de 2024 derivou nunha consulta de participación aos concellos afectados cara a preparación das licitacións oportunas, recibindo a última solicitude de participación nos novos programas o 22 de xaneiro de 2025.

Sexta.- En base ao artigo 11 da Orde TER/836/2022 solicítase unha ampliación do prazo de execución para, en aras dunha maior seguridade xurídica, poder preparar as licitacións oportunas para realizar as novas subactuacións que foron aprobadas en base ás demandas particulares establecidas por cada concello. Con data 21 de febreiro de 2025 o Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática resolve favorablemente a solicitude concedendo unha ampliación no prazo de execución ata o 30 Xuño de 2025.

Sétima.- Vista que a ampliación anterior non era suficiente para poder licitar e executar a ampliación de alcance solicitada, a Xunta de Goberno en sesión ordinaria de 14 de marzo de 2025 de acorda solicitar unha ampliación do prazo de execución ata decembro de 2025 en base ao artigo 11 da Orde TER/836/2022. Con data 02 de xuño de 2025 o Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática resolve favorablemente a solicitude estendendo o prazo de execución ata o 30 de setembro de 2025 para o proxecto denominado “Ayuntamientos de la provincia de Lugo resilientes y creación de oficinas municipales de prestación de servicios electrónicos a los ciudadanos y Automatización y digitalización de las sesiones plenarios municipales de los ayuntamientos de Lugo” (499-632865), indicando en dita resolución que os instrumentos xurídicos empregados para a execución total ou parcial dos proxectos obxecto da subvención deberán estar adxudicados antes do 30 de xuño de 2025.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	86/102	



Oitava.- Non se iniciou a tramitación dos expedientes de contratación para abordar as dúas novas actuacións ata ter confirmación dos concellos adheridos da súa intención para participar (algo imprescindible para fixar o alcance) e, en aras dunha maior seguridade xurídica, ata coñecer a resolución do Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática en canto á última solicitude de ampliación de prazos solicitada, sobre a resolución de data 02 de xuño de 2025 que marcaba como data límite de adxudicación o 30 de xuño de 2025.

Novena.- Se ben a resolución de 02 de xuño de 2025 do Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática permitiu tramitar a licitación e adxudicar os traballos precisos para realizar a Subactuación 1. Dotación de servidores municipais. antes da data límite fixada no 30 de xuño, esta marxe para poder licitar non era suficiente para abordar a subactuación 2, por ese motivo a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo solicita unha ampliación deste prazo de adxudicación en sesión ordinaria de data 13 de xuño de 2025 recibindo confirmación e resolución favorable do Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática de data 18 de xuño de 2025 que estende este periodo de adxudicación ata o 15 de setembro de 2025.

Consideracións.

Primeira.- O artigo 11 da Orde TER/836/2022, do 29 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras e efectúase a convocatoria correspondente a 2022 de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, establece que: “De acordo con o que se establece no artigo 11 da Orde TER/836/2022, cando existan causas excepcionais que impidan a finalización do proxecto no período de execución sinalado, a entidade beneficiaria poderá solicitar unha ampliación do mesmo debidamente xustificada. Dita solicitude deberá realizarse antes do último mes do período de execución”.

Segunda.- A tramitación do expediente de licitación para a realización da Subactuación 2. Implantación dun punto de fichaxe e un sistema de control horario non se iniciou ata ter a seguridade que se podía adxudicar nos prazos marcados polo Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática, que en resolución de data 18 de xuño de 2025 estende este periodo de adxudicación ata o 15 de setembro de 2025, data na que se prevé que o expediente de licitación con título Contratación da implantación de puntos de fichaxe e sistema de control de presenza nos concellos proxecto enmarcado dentro do Programa Impulsatic (Plan de Dixitalización da

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	87/102



provincia de Lugo) no marco do “Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia- financiado pola Unión Europea- *Next Generation EU*”- componente 11 inversión 3 (expediente 2025/CON_02/000078) e que aglutina todos os traballos desta subactuación esté efectivamente adxudicado.

Terceira.- Segundo consta no propio expediente de licitación estimase unha duración do mesmo de 2 meses, polo que tras a formalización do contrato serían precisos 2 meses para poder executalo con garantías e seguridade, así como para implementar todos os controis precisos para a súa correcta execución nos diferentes concellos adheridos.

Para poder garantir a execución deste contrato e a implantación da subactuación 2. Implantación dun punto de fichaxe e un sistema de control horario en cada un dos concellos que así o solicitaron de forma efectiva, con seguridade e cumprindo todos os prazos e requisitos dos pregos e da propia Orde TER/836/2022, a xuízo de quen subscribe, cómpre acollerse a esa posible ampliación sobre a data límite de execución que actualmente está no 30 de setembro de 2025 e solicitar a mesma no prazo establecido na normativa de aplicación de acordo coas seguintes motivacións:

Prevese que a última licitación derivada da ampliación de alcance do programa ImpulsaTIC aprobada en decembro non esté adxudicada (en riguroso cumprimento dos prazos establecidos pola Lei de Contratos do Sector Público e dando todas as garantías precisas para a correcta execución da tramitación do procedemento de contratación) ata a primeira quincena de setembro, sendo preciso dous meses para a súa execución, segundo estipulan os pregos de prescricións técnicas, e a implantación efectiva en cada un dos concellos adheridos tras a formalización do contrato.

A idiosincrasia particular de cada un dos concellos adheridos que participan nesta actualización, que complica a homoxenización de solucións e require configuracións e implantacións personalizadas adaptadas ás necesidades particulares de cada concello, complica a execución do proxecto e impide que se poida realizar nun tempo menor.

A complexidade na implementación e coordinación da metodoloxía de xestión de Fitos e Obxectivos do PRTR, cos consecuentes atrasos que isto pode carrexar na execución do contrato.

Conclusión.

Polo exposto e conforme o artigo 11 da Orde TER/836/2022, informamos sobre a necesidade de realizar as actuacións administrativas oportunas para elevar á Xunta de Goberno a seguinte proposta de acordo:

Solicitar ante o Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática unha extensión da data límite para poder executar os traballos das novas subactuacións aprobadas dentro do expediente 499-632865 (“Ayuntamientos de la provincia de Lugo resilientes y creación de oficinas municipales de prestación de servicios electrónicos a los ciudadanos y Automatización y digitalización de las sesiones plenarias municipales de los ayuntamientos de Lugo”) ata o 15 de decembro de 2025 ou ata o máximo permitido co fin de poder executar os traballos da Subactuación 2.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	88/102	



Implantación dun punto de fichaxe e un sistema de control horario que se recollen no expediente de licitación 2025/CON_02/000078. Contratación da implantación de puntos de fichaxe e sistema de control de presenza nos concellos proxecto enmarcado dentro do Programa Impulsatic (Plan de Dixitalización da provincia de Lugo) no marco do “Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia- financiado pola Unión Europea- *Next Generation EU*” - Componente 11 Inversion 3.

O que se informa para os efectos oportunos á data da sinatura dixital.

Á vista dos informes emitidos polos diferentes Servizos desta Entidade, formúlase á Xunta de Goberno a seguinte proposta de acordo:

Solicitar ante o Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática unha extensión da data límite para poder executar os traballos das novas subactuacións aprobadas dentro do expediente 499-632865 (“Ayuntamientos de la provincia de Lugo resilientes y creación de oficinas municipales de prestación de servicios electrónicos a los ciudadanos y Automatización y digitalización de las sesiones plenarias municipales de los ayuntamientos de Lugo”) ata o 15 de decembro de 2025 ou ata o máximo permitido co fin de poder executar os traballos da Subactuación 2. Implantación dun punto de fichaxe e un sistema de control horario que se recollen no expediente de licitación 2025/CON_02/000078. Contratación da implantación de puntos de fichaxe e sistema de control de presenza nos concellos proxecto enmarcado dentro do Programa Impulsatic (Plan de Dixitalización da provincia de Lugo) no marco do “Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia- financiado pola Unión Europea- *Next Generation EU*” - Componente 11 Inversion 3.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, E PUBLICACIÓN DE MODIFICACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA PARA A INSCRICIÓN E ADMISIÓN DOS OBRADOIROS ARTESÁNS DA PROVINCIA DE LUGO INSCRITOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA, PARA PARTICIPAR NA MOSTRA ARTESANFROILÁN DE ARTESANÍA DA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	89/102	

“Visto o informe do Xefe de Sección I do Centro de Artesanía e Deseño, o cal di:

Que en relación coas bases da convocatoria para a inscrición, e admisión dos obradoiros artesanís da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, para participar na mostra Artesanfroilán de artesanía, da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 2 de xuño de 2025 e número 124, é necesario modificar no terceiro punto das bases o número de postos que se van a instalar en dita mostra, pasando de 24 a 20 stands, reservándose un deles como punto de información.

Polo tanto, onde di:

Terceira: lugar, datas e características.

Estará formada por 24 postos de 3x2 metros cada un deles con cadro eléctrico e iluminación, nas que se exhibirán os produtos dos obradoiros artesanís.

Debe dicir:

Terceira: lugar, datas e características.

Estará formada por 20 postos (reservándose un posto como punto de atención e información) de 3x2 metros cada un deles con cadro eléctrico e iluminación, nas que se exhibirán os produtos dos obradoiros artesanís

Polo cal, propono á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobación da modificación do terceiro punto das bases da convocatoria, substituíndo o número de postos instalados, de 24 a 20 stands, reservándose un deles como punto de información.

2º.- Ordenar a publicación da modificación das bases no Boletín Oficial da Provincia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INICIO DO PROCEDEMENTO DE DECLARACIÓN DE PERDA DE DEREITO E APERTURA DE TRÁMITE DE AUDIENCIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2024.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Vista a documentación obrante no expediente.

Visto o informe emitido polo Servizo de Deportes, do seguinte teor:

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	90/102	



Informe relativo ao inicio do procedemento de declaración de perda de dereito ao cobramento de subvención.

En relación á subvención concedida por importe de novecentos cincuenta e sete euros (957,00 €), ao Club Ciclista Foz con CIF: G27107739 para ciclismo; mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 28 de xuño de 2024, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a actividades deportivas realizadas por entidades deportivas, ano 2024, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 058 do sábado 09 de marzo de 2024, emite o seguinte, informe:

Primeiro.- Visto que de acordo co punto 12º das Bases da convocatoria do concurso de subvencións destinadas a actividades deportivas realizadas por entidades deportivas, ano 2024, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 01 de marzo de 2024, unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado e que a rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade, e que en calquera caso, o prazo rematará o 31 de marzo de 2025.

Segundo.- Visto que a referida entidade non presentou no prazo previsto a preceptiva conta xustificativa ao abeiro das bases da convocatoria procedeuse ao trámite de requirimento da conta xustificativa previsto no punto 12º, no que se advertía que a falta de presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.

Terceiro.- Visto que con data 10/04/2025 14:22 e número de rexistro de saída 2025RPS005713 e numero de expediente 2025/PES_03/007041, e de acordo co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, formulouse requirimento de presentación da conta xustificativa, para que no prazo de 15 días, a contar dende o día seguinte a recepción do referido requirimento, presentase a documentación indicada.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	91/102



Cuarto.- Que en aplicación do artigo artigo 41.1, da Lei 39/2015, que prevé que as notificacións se practicarán preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o interesado resulte obrigado a recibilas por esta vía, consta no expediente electrónico o envío de notificación de requirimento de conta xustificativa de data 10/04/2025 14:22, rexeitada automaticamente con data 21/04/2025 00:10:34.

Quinto.- O artigo 73 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece que:

1. Os trámites que deban ser cumprimentados polos interesados deberán realizarse no prazo de dez días a partir do seguinte ao da notificación do correspondente acto, salvo no caso de que na norma correspondente fíxase prazo distinto (...)

3. Aos interesados que non cumpran o disposto nos apartados anteriores, poderáselles declarar decaídos no seu dereito ao trámite correspondente. Con todo, admitirase a actuación do interesado e producirá os seus efectos legais, se se producise antes ou dentro do día que se notifique a resolución na que se teña por transcorrido o prazo.

Sexto.- Que por resolución de Presidencia de data 17 de xuño de 2025 acordase o decaemento do dereito ao tramite de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2024, á subvención concedida por importe de novecentos cincuenta e sete euros (957,00 €), ao Club Ciclista Foz con CIF: G27107739 para Ciclismo.

Sétimo.- Visto que con data 18/06/2025 14:23 e número de rexistro de saída 2025RPS009523 e numero de expediente 2025/PES_03/007041, e de acordo co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, deuse traslado da resolución de Presidencia de data 17 de xuño de 2025 relativa ao acordo de decaemento do dereito ao tramite de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2024.

Oitavo.- Que en aplicación do artigo artigo 41.1, da Lei 39/2015, que prevé que as notificacións se practicarán preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o interesado resulte obrigado a recibilas por esta vía, consta no expediente electrónico o envío de notificación de data 18/06/2025 14:23, rexeitada automaticamente con data 29/06/2025 00:10:13.

Á vista do exposto, de conformidade co establecido nas bases da convocatoria do procedemento de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, base 12, e do previsto no artigo 73 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, procede adoptar os seguintes acordos:

Primeiro.- En aplicación do previsto nas bases da convocatoria, do determinado no artigo 34.3 da Lei Xeral de subvencións e, do artigo 89 do RLGS e do previsto así

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	92/102





mesmo na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o inicio do procedemento de declaración de perda de dereito ao cobramento de subvención a beneficiarios de subvencións destinadas a actividades deportivas realizadas por entidades deportivas, ano 2024, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 28 de xuño de 2024, da entidade Club Ciclista Foz con CIF G27107739 para Ciclismo da subvención concedida por importe de novecentos cincuenta e sete euros (957,00 €), garantindo o trámite de audiencia ao interesado.

Segundo.- En cumprimento do antedito, do regulado no art. 89 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, notificar ao beneficiario, o inicio do procedemento de declaración de perda de dereito ao cobramento a beneficiarios de subvencións destinadas a actividades deportivas realizadas por entidades deportivas, ano 2024, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 28 de xuño de 2024 e a apertura do respectivo trámite de audiencia, para que no prazo de dez (10) días poida examinar e coñecer a totalidade do expediente e presentar as alegacións que considere oportunas, ou no seu caso, antes do vencemento do prazo, manifestación da súa decisión de non efectuar alegacións nin presentar novos documentos ou xustificacións.

Polo exposto, o deputado que subscribe, propón que pola Xunta de Goberno se adopte os seguintes acordos:

1º.- Acordar o inicio do procedemento de declaración de perda de dereito ao cobramento de subvención a beneficiarios de subvencións destinadas a actividades deportivas realizadas por entidades deportivas, ano 2024, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 28 de xuño de 2024, da entidade Club Ciclista Foz con CIF G27107739 para Ciclismo da subvención concedida por importe de novecentos cincuenta e sete euros (957,00 €), garantindo o trámite de audiencia ao interesado.

2º.- Notificar ao beneficiario, o inicio do procedemento de declaración de perda de dereito ao cobramento a beneficiarios de subvencións destinadas a actividades deportivas realizadas por entidades deportivas, ano 2024, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 28 de xuño de 2024 e a apertura do respectivo trámite de audiencia, para que no prazo de dez

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	93/102



(10) días poida examinar e coñecer a totalidade do expediente e presentar as alegacións que considere oportunas, ou no seu caso, antes do vencemento do prazo, manifestación da súa decisión de non efectuar alegacións nin presentar novos documentos ou xustificacións.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2024.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 28 de xuño de 2024, onde se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 058 do 09 de marzo de 2024, para a concesión de subvencións destinadas á entidades de actividades deportivas; e vistas as renuncias presentadas polos beneficiarios que se indican a continuación, así como o informe do Servizo de Deportes, e a proposta do Vicepresidente, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Aceptar as renuncias presentadas polos beneficiarios que a continuación se relacionan polos importes que así mesmo se indican:

Nome entidade	Nome actividade	Subvención
CLUB DE BILLAR SNOOKER SARRIA (EN CONSTITUCION)	BILLAR	1.153,00 €
CLUB TENIS CHANTADA	TENIS	1.125,00 €

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA XUBILACIÓN FORZOSA POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA DUN OFICIAL DA UNIDADE MANTEMENTO DO CADRO DE PERSOAL LABORAL PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da señora Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. Manuel Méndez Enríquez, Oficial Unidade Mantemento do Cadro de Persoal Laboral Provincial, cumpre os 65 anos de idade o día 4 de agosto de 2025, que terá recoñecidos 21 anos e 4 días de servizos prestados nesta Deputación provincial, o día 4 de agosto de 2025, data previsible de xubilación forzosa, acreditando un período de cotización á Seguridade Social superior aos 38 anos e 3 meses e non tendo solicitada a prolongación de permanencia no servizo activo.

Tendo en conta as consideración de dereito formuladas no informe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia a Concellos, que sinala:

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	94/102





“2.1.- O artigo 68 da Lei 2/2015, do 29 de abril da Lei de Emprego Público de Galicia establece:

“1. A xubilación do persoal funcionario poderá ser:

a) Voluntaria

b) Forzosa, polo cumprimento da idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida

[...]”.

2.2.- O Artigo 53 do Convenio Colectivo Único para Persoal Laboral da Excma. Deputación Provincial de Lugo BOP (30-08-1990), no seu artigo 53.1) establece:

“A xubilación forzosa do persoal laboral a fin de contribuír á realización dunha política de promoción de emprego, declararase de oficio ao cumprir o traballador os 65 anos de idade. A xubilación forzosa de ditos traballadores rexirase polo establecido na Lei 8/80, de 10 de marzo (...)”

2.3.- A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2025	38 anos e 3 meses ou máis	65 anos
	Menos de 38 anos e 3 meses	66 anos e 8 meses

[...]”.

Á vista do sinalado e dos informes dos servizos, tendo presente que D. Manuel Méndez Enríquez, terá acreditado, á data 4 de agosto de 2025 un período de cotización superior aos 38 anos e 3 meses e non tendo solicitada a prolongación de permanencia no servizo activo, propoño á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, de data 9 de marzo de 2011 (publicado no BOP número 056, do 10 de marzo de 2011, acorde:

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	95/102



Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida, do traballador do Cadro de Persoal Laboral, D. Manuel Méndez Enríquez, con efectividade do día 4 de agosto de 2025, data na que se extingue a súa relación laboral con esta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, DE DÚAS (2) PRAZAS DENOMINADAS TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023- APARTADO SEGUNDO REFUNDICIÓN PRAZAS OFERTA EMPREGO TAXA XERAL ACCESO LIBRE ANOS 2021 E 2022, A. RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, A.1 COTA XERAL, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE.

Logo de ver a proposta da señora Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“1. Obxecto da convocatoria.

O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar o proceso selectivo para cubrir definitivamente as prazas do cadro de persoal funcionario que se indican no apartado 2 da presente proposta, vacantes e dotadas orzamentariamente, incluídas na Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, aprobada por resolución da presidencia de 28.12.2023 (BOP núm. 298, do 30.12.2023), corrixida por resolución da presidencia do 15.01.2024 (BOP núm. 015, do 18.01.2024) e modificada por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP núm. 165, do 17.07.2024), figuran no apartado segundo refundición prazas oferta emprego taxa xeral acceso libre anos 2021 e 2022, A. réxime xurídico administrativo, A.1 cota xeral e aprobar as bases específicas que complementarán ás bases xerais publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

2. Caracterización das prazas.

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO	Nº POSTO	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	COTA
2	2.022	951	Técnico/a administración xeral/ Técnico/a administración xeral entrada	1.631	Escala de administración xeral, subescala técnica	A-A1	Xeral
		744		1.629			

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	96/102





3. Sistema selectivo.

Con base no disposto no artigo 169.2 do RDL 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local, que establece "(...) O ingreso na Subescala Técnica farase por oposición libre (...)", o sistema selectivo será o de oposición libre.

4. Normativa de aplicación.

As convocatorias e as bases dos procesos selectivos para o ingreso como persoal funcionario están sometidos á normativa vixente:

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Lei 30/1984, do 2 de agosto de medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP).

Real decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Real decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (TRLEBEP).

Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (ET).

Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia (LEPG).

Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ao procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.

Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.

Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos da Entidade (BOP núm. 226, do 30.09.2006) da Deputación Provincial de Lugo.

Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 03.09.2020).

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY		Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY		Página	97/102	

Acordo Marco Único para persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 026, do 31.01.1991) e as súas posteriores modificacións.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).

Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais (LPDGP).

5. Consideracións xurídicas e técnicas.

A) Convocatoria.

O artigo 70 da TREBEP sinala que “As necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proveerse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto da Oferta de Emprego Público (...)”

O que comportará a obriga de convocar os correspondentes procesos selectivos (...). En todo caso, a execución da Oferta de Emprego Público (...) deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos”.

O artigo 91.2 da LBRL sinala que “A selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa Oferta de Emprego Público, mediante convocatoria pública ea través dos sistema de concurso, oposición ou concurso oposición libre nos que se garante, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade mérito e capacidade, así como o de publicidade”.

Neste sentido indicar que as prazas que se pretenden convocar cumpren todo o sinalado na normativa de aplicación para poder ser convocadas:

Están incluídas na Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, aprobada por resolución da presidencia de 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrixiada por resolución da presidencia do 15.01.2024 (BOP núm. 015, do 18.01.2024) e modificada por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP núm. 165, do 17.07.2024), figuran no apartado segundo refundición prazas Oferta emprego taxa xeral acceso libre anos 2021 e 2022, a. réxime xurídico administrativo, A.1 cota xeral.

Figuran no cadro de persoal funcionario da Entidade como prazas vacantes dotadas orzamentariamente.

Non transcorrer o prazo improrrogable de 3 anos para poder ser convocadas.

B) Sistema selectivo.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY		Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY		Página	98/102	



O artigo 61.6 do TREBEP establece que: “os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición (...). Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso (...)”.

Real Decreto Legislativo 781/1986 que no seu artigo 169.2.b) sinala que “O ingreso na Subescala Técnica farase por oposición libre (...)”.

Ao non estar derogado o establecido no RDL 781/1986, e estarse a falar de Administración Local debe utilizarse a oposición como sistema selectivo.

C) Grupo/ subgrupo e clasificación.

As prazas de Técnico/a Administración Xeral figuran encadradas na escala de Administración Xeral, Subescala Técnica (Art. 167 TRRL), Grupo de clasificación A, subgrupo A1 (Art. 76 TRLEBEP).

D) Aprobación da convocatoria e bases.

A convocatoria e a aprobación das bases específicas deberá realizarse por acordo da Xunta de Goberno conforme ao establecido no art. 59.5 do Regulamento Orgánico desta Entidade.

As bases xerais que rexerán o proceso selectivo son as aprobadas pola Xunta de Goberno, de data 12/03/2021, e publicadas no BOP núm. 101 do 06.05.2021.

E) Cumprimento da legalidade.

Artigo 55.1 do TRLEBEP, “todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”

Artigo 55.2, “as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:

- a) Publicidade das convocatorias e das súas bases.
- b) Transparencia.
- c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	99/102	

- d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.
- e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.
- f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”.

Artigo 61.1, “os procesos selectivos terán carácter aberto, garantindo a libre concorrência sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas”.

As bases compren a lexislación vixente asegurando a libre concorrência e os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

6. Proposta de acordo.

Visto o disposto pola normativa de aplicación e considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 3 de setembro de 2020, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de oposición libre, para o ingreso como persoal funcionario, na Deputación Provincial de Lugo, de dúas (2) prazas de Técnico de Administración Xeral da Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica, Grupo A, Subgrupo A1 que a continuación se sinalan, vacantes, dotadas orzamentariamente e incluídas na Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, aprobada por resolución da presidencia de 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrixida por resolución da presidencia do 15.01.2024 (BOP núm. 015, do 18.01.2024) e modificada por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP núm. 165, do 17.07.2024), que figuran no apartado segundo refundición prazas oferta emprego taxa xeral acceso libre anos 2021 e 2022, A. réxime xurídico administrativo, A.1 cota xeral:

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO	Nº POSTO	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	COTA
2	2.022	951	Técnico/a administración xeral/ Técnico/a administración xeral entrada	1.631	Escala de administración xeral, subescala técnica	A-A1	Xeral
		744		1.629			

As bases específicas complementarán as bases xerais, que rexerán neste procedemento selectivo, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 12 de marzo de 2021 e publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar no proceso selectivo.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	100/102





3º.- Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo e, concretamente, a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP), enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e Boletín Oficial do Estado (BOE), sendo a publicación no BOE a que dará inicio ao prazo de presentación de solicitudes.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

1º.- Dación de conta do auto Nº 57/2025.

Dase conta do auto nº 57/2025, de 17 de xuño de 2025, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo no Procedemento Abreviado 53/2025-P, seguido a instancia de Occident GCO Seguros e D. Ramiro Freire Díaz fronte á desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial *“Acuerdo: Declarar terminado el presente procedimiento por reconocimiento total en vía administrativa de las pretensiones de la parte recurrente.*

Archivar las actuaciones previa anotación en el Libro registro correspondiente”. A Xunta de Goberno queda enterada.

2º.- Dación de conta do auto Nº 62/2025.

Dase conta do auto nº 62/2025, de 24 de xuño de 2025, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo no Procedemento Abreviado 273/2024-F seguido a instancia de D. Alejandro Pico García fronte á presunta desestimación por silencio administrativo da reclamación por responsabilidade patrimonial , e que textualmente dí: *“Acuerdo: Declarar terminado el presente procedimiento por reconocimiento total en vía administrativa de las pretensiones de la parte recurrente.*

Archivar las actuaciones previa anotación en el Libro registro correspondiente”. A Xunta de Goberno queda enterada.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	101/102



17.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

	IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Fecha y Hora	08/07/2025 13:04:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TXXTM2EUOLO422TYVK3ZVDY	Página	102/102	